



*En galego,
agora e sempre*

Subvenciona:



Publica:



Dirección e coordinación

Xosé González Martínez
Carme Pérez Vaquero

Edita:

Pío García Edicións

Fotografía:

Pío García

Imprime:

Litonor

Depósito Legal:

C 3239-2010

Índice

Xoán Carlos Abad Gallego	pág.	35
Manuel Abalo Martínez	pág.	37
Xosé María Álvarez Cáccamo	pág.	39
Xosé Álvarez Castro	pág.	41
Iván Area Carracedo	pág.	45
Pedro Arias Sánchez	pág.	47
José Luís Baltar Pumar	pág.	49
José Angel Baqueiro Canabal	pág.	51
Miguel Barros Puente	pág.	55
Xurxo Borrazás	pág.	63
Tomás Camacho	pág.	65
Camilo Camaño Xestido	pág.	67
Loli Barbeito e Manuel Carballo	pág.	71
Pablo Carballo	pág.	75
Fina Casalderrey	pág.	77
Francisco Castro	pág.	81
Rosa Castro	pág.	83
Olalla Cociña Lozano	pág.	85
Monserrat Cores Vázquez.	pág.	89
Silvia Díaz Iglesias	pág.	91
Francisco Domínguez Martínez	pág.	93

Xoaquín García Barros	páx.	97
Xermán García Cancela	páx.	99
Feliciano González Álvarez	páx.	101
Francisco González Bouzán	páx.	105
Baldomero Iglesias Dobarrio “Mero”	páx.	107
Uxía Iglesias Tojeiro	páx.	111
María Ángeles López Carballo	páx.	113
Antonio López Díaz	páx.	115
Xoán López Facal	páx.	117
Claudio López Garrido	páx.	121
Benito Losada	páx.	125
Anxo M. Lorenzo Suárez	páx.	127
Rafael Louzán Abal	páx.	129
Xosé Luna	páx.	131
Daniel Macenlle Díaz	páx.	133
Pedro Membiela Iglesia	páx.	135
María Monteagudo Romero	páx.	137
Ramón J. Núñez Gamallo	páx.	139
Carlos Núñez	páx.	143
Quico Ónega López	páx.	145
Mario Outeiro Iglesias	páx.	147
Emma Palacios Rodríguez	páx.	151
Xesús Palmou	páx.	153
Lalo Pavón	páx.	155
Regina Puente Fernández	páx.	157
Manuel Rico Vereá	páx.	163
Rodrigo Romaní Blanco	páx.	167

Xosé Manuel Salgado Rodríguez	páx.	169
Javier Seoane Vázquez	páx.	173
Xosé Carlos Sierra Rodríguez	páx.	177
Manoel Soto Ferreiro	páx.	183
Mercedes Suárez Pazos	páx.	187
Toia Suárez Vicente	páx.	189
Xosé M. Tato Camino	páx.	193
Xosé Turnes Paredes	páx.	199
Pablo Vaamonde García	páx.	203
Xaquín Vales	páx.	207
Eduardo Varela Nóvoa	páx.	211
Santiago Vázquez Blanco	páx.	215
Xosé Vila Fariña	páx.	219
Pilar Vilaboi Freire	páx.	223
Miguel Vilarriño Lorenzo	páx.	225

“Vivir para perdurar”: esta sexa, talvez, a máxima que rexe a existencia de todo ser humano, a nosa máis íntima e radical verdade ontolóxica. De aí que nada do que nos rodea e nos pertence carece dun valor simbólico, icónico ou transcendental, independentemente do seu valor real e auténtico en termos económicos ou pragmáticos.

Legamos e deixamos en herdanza o que nos pertenceu e amamos mentres vivimos; aquilo que formou parte do noso ser espiritual e material mentres puidemos sentir, amar e desexar. E facémolo co fin de perdurar, porque o que legamos, como o que nos foi legado, fose este un ben material ou inmaterial, formou algún día parte de nós, fomos nós nalgunha medida.

Deixar como herdanza a lingua non pode ser, pola natureza da cousa legada, un “acto

inmediato”, senón o froito maduro dun cultivo que se traballou durante anos en agro máis ou menos fértil. En definitiva, é un acto de amor: a un mesmo, á lingua legada e ao herdeiro a quen se lle confía, para o futuro, o seu coidado, cultivo e transmisión.

Parabéns, pois, para todas aquelas persoas que expresan neste libro a súa vontade de perduraren para sempre a través da lingua coa que, afortunadamente, nomean aínda as cousas. E espero que isto sexa así polos fillos e fillas destes vosos herdeiros, e polos netos e netas que deles saíren ata a morte do derradeiro deles e dos ditos seus fillos e fillas e netos e netas.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario Xeral de Política Lingüística

Prólogo

Un ano máis publicamos este libro de mandas a prol da lingua galega co que porfiamos na procura dos obxectivos que nos moveron desde a súa primeira edición no 2002: salientar a importancia da transmisión interxeracional do noso idioma e chamar a atención sobre o uso do galego nos documentos xurídicos e, en concreto, nas escrituras públicas.

No tocante á transmisión interxeracional os sociolingüistas subliñan a cotío a importancia da variable da idade no uso da lingua: o galego é a lingua inicial dunha ampla maioría das persoas de máis de 65 anos (3/4) pero vai descendendo con rapidez ata o grupo entre os 26 e 35 anos, no que xa hai máis persoas co castelán como lingua inicial (40%) fronte ao galego (36%), aínda que tamén hai un bo número de bilingües iniciais

Prólogo

(20%). A partir deste último treito a caída do galego como lingua primixenia ralentízase e o avance do castelán xa é por conta do bilingüismo inicial.

Estes datos apuntan ás vicisitudes históricas do noso país no pasado século: os maiores de 65 anos no 2003 naceran antes de 1938, o que significa que antes da guerra civil e da ditadura o galego era a lingua da maior parte das familias galegas, un 10% adicional eran bilingües e menos do 15% eran castelán-falantes.

Nos 40 anos de franquismo -entre 1938 e 1978- o galego perdeu máis da metade dos seus falantes iniciais -en 2003 eran o 36%. A ditadura levou ao galego ao pé do abismo, ao esmagar as forzas e axentes sociais que o defendían, ao arrincalo da vida pública e da escola, ao promoveren un discurso denigratorio

para a nosa lingua e de exaltación discriminatoria do castelán. Ao tempo, o país quedou baldeiro de xente xoven galego-falante que se veu obrigada a emigrar. A todo iso hai que engadirlle a aparición e divulgación dos medios de comunicación como a radio e a televisión que completaron a difusión da competencia en castelán e a actitude lingüística de desprestixio para o galego.

Desde a transición democrática e a instauración da autonomía fréase a caída do galego nas persoas nadas a partir de 1978: máis presenza pública, utilización no ensino, alfabetización da poboación e aparición dun novo tipo de galegofalante, o que aprendeu a lelo e escribiu na escola e que se desenvolve en galego en ámbitos sociais ata o de agora reservados ao castelán.

Todo iso ten que ver coa mellora do estatuto sociopolítico da lingua galega e coas po-

líticas de promoción do galego desenvoltas durante os últimos 25 anos, froito de traballosos consensos lingüísticos como a Lei de Normalización Lingüística de 1983 ou o Plan Xeral de Normalización do uso do galego de 2004.

En resumo, temos que gañar o futuro para a lingua galega, garantindo a súa transmisión aos nosos descendentes como elemento central do noso patrimonio cultural. Nesa idea, fronte ao concepto tradicional de herdanza como conxunto de bens e dereitos de contido exclusivamente patrimonial que os devanceiros lles transmiten ás novas xeracións, nós introducimos a lingua como símbolo cultural e como elemento da nosa personalidade individual e colectiva que debe aparecer no acto xurídico esencial que preside a herdanza e que non é outro que o testamento.

Por outra banda, os documentos e as escrituras públicas son unha das mostras máis visibles da vitalidade da lingua. Recordemos o importante caudal de documentos procedentes da idade media redactados en galego que, malia as circunstancias adversas, se conservaron ata hoxe e que son a proba da normalidade coa que se usaba a nosa lingua naqueles tempos en todos os ámbitos da vida social.

Temos que recobrar para o galego ese terreo; malia os atrancos, un dos medios para acadalo é que os galegofalantes esixamos o dereito constitucional a usar a nosa lingua oralmente, pero tamén por escrito nas relacións xurídicas nas que participemos ou que protagonicemos. Iso sen prexuízo de reivindicarmos medidas de apoio á normalización lingüística, como por exemplo a de que os notarios e funcionarios públicos

outorgantes deben estar obrigados a advertirles, expresa e previamente aos cidadáns, de que poden exercer aquel dereito, como prevé o Decreto da Generalitat de Cataluña 204/1998, do 30 de xullo, sobre o uso do catalán nos documentos notariais.

Un bo comezo para esa andaina é a de outorgarmos o testamento en galego, xa, sen máis demoras.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística de Galicia

É moi frecuente atopar nos protocolos notariais galegos, sobre todo nos da Idade Media, cláusulas testamentarias nas que o testador establecía obrigas extraeconómicas para os seus herdeiros. Encabezábanse estes testamentos con fórmulas estereotipadas de diversos tipos. As máis comúns son as que rezaban así: “Con todo siso e toda miña memoria, dispoño das miñas cousas”¹. Iso se a persoa que facía testamento non estaba aqueixada dalgunha doenza ou enfermidade que a obrigase a facer as conseguintes precisións sucesorias; daquela, adoitaba facelo con outra expresión: “Doente no corpo e pero con todo meu siso complido, faço e ordino en aquela maneyra após meu passamento”.

¹ A vida e a fala dos devanceiros, Xesús Ferro Couselo. Editorial Galaxia, 1996

As invocacións a Deus ou ós santos, así como a manifestación de obediencia á “Santa Iglesia Católica, Apostólica y Romana” a súa fe, eran recursos estilísticos moi utilizados: “Imprimeiramente, dou mina alma a Deus e mando meu corpo soterrar eno cimiterio de Santa Maria de Ual de Paraíso e mando e commigo C soldos para unha pitaña”. Algúns destes testamentos contiñan obrigas para os herdeiros de “facer” ou “que se fixese” unha peregrinación a Santiago, por exemplo. Son mandas de contido espiritual de uso moi estendido na época. O incumprimento das devanditas mandas testamentarias podía ser sancionado pola autoridade eclesiástica competente.

Eran normais, tamén, as mandas a prol da alma. Esta institución, hoxe bastante anticuada e das que se ocupa especialmente

o artigo 747 do Código civil, non significa, evidentemente, que a alma, como tal, poida ser herdeira. O propio precepto aclara o seu significado e alcance: “se o testador dispuxer de todo ou parte dos seus bens para sufraxios e obras piadosas en beneficio da súa alma, facéndoo indeterminadamente e sen especificar a súa aplicación, os testamentarios venderán os seus bens... dándolles a metade ó diocesano...” A xurisprudencia reconece a validez da institución “a prol da alma”, e é a Igrexa, loxicamente, a máis beneficiada².

Se reconecemos o testamento como un acto unilateral, individual e persoalísimo, non é de estrañar que o testador deixase constancia dos seus desexos, ás veces unha miguíña

² Vid. Sentencias do 17 de novembro de 1896, do 21 de marzo de 1902 e do 25 de febreiro de 1911, en Compendio de Derecho Sucesorio, Editorial La Ley, Madrid 1999.

pintorescos, pero que, iso é o importante, sempre se cumprían. Tal é o caso das campás dunha igrexa que deberían repicar todos os días ás doce da mañá, por deixalo así encargado e escrito nas mandas testamentarias unha piadosa señora, iso si, algo poetisa, como me contaba o meu informante. Deixou paga na súa parroquia unha cantidade para que se tocasen as campás todos os días ata non sei que data. Raro testamento, si, señor; pero así mo contaron.

As características antes sinaladas do testamento -acto unilateral, individual e persoalísimo- fan supoñer que na súa xestación inflúen moitos e moi variados condicionantes de índole afectivo-sentimental. Porque os bens que se adoitan transmitir están vencellados á tradición familiar e tinguidos de emotivos sentimentos³. De aí que a

elaboración do testamento sexa un proceso complexo, mesmo con implicacións psicopatolóxicas, a teor da tese presentada polo antropólogo Xosé Andrés Gago no Primeiro Congreso de Antropoloxía de Galicia, celebrado en 1982⁴. Verbo deste asunto, Rof Carballo tamén atopa connotacións de interese científico para comprendermos a personalidade psicolóxica dos galegos: "...en Galicia, onde a terra non é algo ó que se lle rende culto, senón algo que está identificado connosco ata firmar unha unidade que, ó se crebar, doe, tal como unha especie de morte da alma, en forma de morriña". É o urdido afectivo ó que se refire no seu ensaio *Mito e Realidade da Terra Nai*⁵. É o esgaza-

³ Vid. "Unha historia de Amor", de Victorino Gutiérrez Aller, na obra *Contos da Xustiza*, Ir Indo Edicións, 1991.

⁴ I Coloquio de Antropoloxía de Galicia. Museo do Pobo Galego, 4-6 de febreiro de 1982. *Cadernos do Seminario de Sargadelos*, núm. 45. Edicións do Castro.

⁵ *Mito e Realidade da Terra Nai*. Rof Carballo, Editorial Galaxia, Vigo 1957

mento dese urdido o que provoca conflitos na identidade das persoas co medio e cos bens patrimoniais.

A institución xurídica da herdanza en Galicia é, pois, moito máis complexa do que aparentemente se poida pensar. A transmisión patrimonial está connotada cun sistema de valores que transcende o meramente económico. Por iso, na decisión testamentaria gravitan circunstancias relacionadas coa cultura e tradición galegas. Eis porque tamén a xestión testamentaria se “remoe no maxín” durante tanto tempo. E faise, claro está, en lingua galega, por ser o idioma da meirande parte dos galegos. Nela fánelles consultas ós notarios e avogados e recóllen-se opinións dos parentes e familiares antes de formalizar a decisión do documento notarial.

A literatura galega ten fermosas páxinas dedicadas ás decisións testamentarias. Xulio Cuns, que durante moitos anos foi oficial de notaría, escribiu un libro⁶ de gran valor para comprendermos o comportamento dos galegos ante unha decisión tan importante na súa vida. Titúlase *O que non quedou no Protocolo*. Nel atópanse anécdotas e situacións reais acontecidas no tempo que permaneceu traballando na notaría. Os acordos e trasacordos e as preguntas revesgadas que agochaban outras, evidencian a idiosincrasia dos galegos cando teñen que facer testamento. Porque, efectivamente, non todo o que se pensa e fala queda escrito nos documentos. “Quizais aquilo que puidese ter maior importancia para o antropólogo e o historiador e demais curiosos -dinos- non

⁶ O que non quedou nos Protocolo, Xulio Cuns Lousa. Excmo. Concello de Betanzos, 1992

conste escrito... por exemplo: os acenos. É importante fixarse nos sorrisos e demais acenos que van facendo ó longo da conversa e dos que, naturalmente tampouco queda o seu caritel no frío e satinado papel selado”. Como tampouco quedan a emoción e os sentimentos, que non son poucos. Uns confesados e outros non. Somos fillos dos sutís acenos, das finas modulacións da educación, dos agarimos recibidos en que envolveron o noso corpo ou protexeron a nosa epiderme, do rigor con que dominaron o ímpeto nacente dos nosos músculos.

Algunhas das obras literarias de Luís Moure Mariño⁷ -nada sospeitoso de galeguismo- son importantes para comprendermos o que estamos a dicir. O autor, que foi notario, tivo que escoitar a centos de persoas

⁷ Fantasías reais, Luís Moure Mariño. Ir Indo, Edicións. Vigo, 1993

que acudían ó su despacho. Nalgúns dos seus relatos descríbemos feitos reais que revelan ese urdido afectivo. Nun deles relata sorprendido porque un emigrante “facultaba igualmente ó apoderado para que venda todos os bens, accións e dereitos que por calquera título lle correspondan, con excepción da póla que mira cara ó poñente do carballo grande de Basán...”. Pero foi o caso que dito emigrante, que estaba en Montevideo, leu o artigo e escribiulle unha carta para aclararlle ó notario o porqué do seu antollo: “Debaixo da sombra do carballo, á vista da nosa aldea, díxome miña nai o seu derradeiro adeus cando decidín virme a Montevideo, e agora, vello e coa tristura que me provoca a distancia da terra á que nunca máis volverei, nesa póla do carballo grande, como vostede di, coido un niño para a saudade...iAínda son dono dunha parte da pai-

saxe onde nacín! ¡Aínda hai algo que me une á miña terra!...”. Un sentimento panteísta, sen dúbida. Pero comprensible. A saudade, ese sentimento dos galegos do que tanto se leva dito, pode provocar esa decisión testamentaria. O mesmo sentimento expresouno Vicente Risco⁸ con outras palabras, cando escribiu: “Eu sei que, como Rosalía de Castro, se me vira no ceo, choraría de saudade pola miña terra.... Non poder levar comigo aquela fonte, aquel carballo, a nogueira, a casopiña, o río, o muíño, a sombra húmida dos amieiros. Terse que separar de todo isto para sempre; quizais chegar a esquecelo. Ai, non. Esquecelo non, que a lembranza é a esencia da alma, e esquecer é deixar de ser; un algo que se esquece é un pouco de alma que morre”. É o urdido afectivo, que Rof

⁸ Vicente Risco, *O sentimento da Terra na raza galega*. Obras Completas. Editorial Galaxia, Vigo, 1994.

Carballo di que percorre, como o plasma xerminal, as xeracións, vai dunha noutra e, en certo xeito, o mesmo que os xenes son inmortais, tamén este urdido goza de vida case perenne.

A desaparición da lingua galega dos protocolos notariais tal como nolo recorda Xesús Ferro Couselo no seu traballo “Como e por qué os escribáns deixaron de empregar o galego”⁹, motivou que os protocolos notariais se escribisen a partir do século XV en castelán. Este cambio lingüístico foi producindo nos galegos un sentimento perverso: as cousas serias, aquelas que poden ter moita transcendencia para a vida das persoas, deben ser escritas en castelán. Por iso, o Mapa Sociolingüístico de Galicia¹⁰, ó

⁹ Vid. “Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo”. Editorial Galaxia, Vigo, 1958.

¹⁰ “Actitudes Lingüísticas en Galicia”. Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia. Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, 1996.

recoller a opinión dos enquisados cando se lles pregunta verbo do emprego do galego nos testamentos, ofrece porcentaxes pouco favorables ó seu uso en tales instrumentos xurídicos. Os máis partidarios -o 20,37%- manifestan que é moito máis axeitado o galego có castelán para a redacción do texto das derradeiras vontades; máis proclive, sen embargo, é o 34%, que manifesta que a lingua galega é igual de axeitada có castelán.

O rito testamentario debe transmitir os nosos valores culturais. Velaí porque, xa sexa apoiándonos na confianza que debemos ter no futuro, no desexo de que sexa mellor có presente e tamén na lexislación vixente, que ampara o uso da lingua galega nos actos xurídicos documentados, temos que darlle máis importancia á pervivencia da nosa identidade nacional e ós elementos que a conforman. Nomeadamente a lingua

galega. Facérlles a encomenda da súa protección e fomento ós nosos sucesores en actos notariais non está de máis. Non vaia ser o conto de que, por non dármolle importancia que o asunto ten, haxa malos entendidos e que ós nosos fillos e netos tanto lles teña vivir nunha Galicia desgaleguizada. Por insistir que non quede.

O escritor estradense Manuel García Barros expresou ese desexo nunha cláusula do seu testamento: “Fago profesión de amor a doce Terra na que nascín e vivín e na que teño a dita de acougar en sono eterno. Foi Galicia obxecto e ilusión da miña vida. A ela e a súa redención, dediqueille as miñas forzas e o meu labor literario. Por ela loitei e sufrín. Desde o máis fondo do meu corazón deséxolle no vindeiro días de prosperidade e ventura”. En semellantes termos deixou escrito don Ramón Otero Pedra-

yo, que doou a súa Casa Grande de Trasalba para o engrandecemento da lingua e cultura galega. Don Álvaro Cunqueiro, non foi menos, o seu testamento resúmese nunha frase que acadou entre nós notoria divulgación desexando que a lingua galega teña “mil primaveras máis”.

Malia termos un ordenamento xurídico que ampara e protexe os nosos dereitos lingüísticos, son poucos os galegos que demandan nas notarías o testamento na nosa lingua. Aínda que só fose porque neles se contén unha parte importante nós, da nosa familia, dos nosos afectos e sentimentos, ese documento deberíámolo redactar en galego e incorporar nel, ademais, unha manda semellante ás que reproducimos neste libro. Deste xeito estaríamos a transmitir-lles ós nosos herdeiros a obriga de dar cumprimento ó noso desexo de administrar e

acrecentar o patrimonio común de tódolos galegos, que é a lingua galega. Non desheredemos a nosa lingua.

Xosé González Martínez

*Secretario da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia*



Mandas Testamentarias

Deixo encargado para cando leve a cabo a derradeira viaxe, aquela que paradoxicamente nos leva ao principio de todo, que os meus fillos herden os bens que poida ter ido acumulando -que non se fagan moitas ilusións porque han ser magros pois son o lexítimo resultado dun traballo firme e honrado, supoño, realizado ao longo de toda unha vida-. Pero ademais diso quereda ofrecerlles como último agasallo outro ben, esta vez intanxible, que eu, ao menos, valoro bastante, tanto por ter sido recibido a miña vez polos meus pais, como porque, penso, pode serlles de gran utilidade. Este ben, ademais, é algo que só os galegos podemos

recibir e saber comprender, xa que só pode ser transmitido en galego, pois penso que non existe noutras linguas tradución exacta que permita comprender nunha soa verba o que realmente quere dicir. Este agasallo que lles deixo é algo do que a nosa sociedade actual adoita carecer, o cal, ademais, nótase bastante. Ese último agasallo é un simple consello; consello que antes os nosos vellos nos recordaban de xeito continuado e que se resume nunha única palabra ... Fagamos o que fagamos ao longo da nosa vida cómpre sempre porlle un pouco de “sentidiño”.

Xoán Carlos Abad Gallego

Desde a miña pequena contribución a este pobo non quero rematar esta manda sen deixarlle aos que me sigan o froito dunha paixón por todo o visible e invisible do noso rico patrimonio.

Este sentir polo propio, que me vencellou toda a vida a favor da transmisión destes valiosos bens, levoume en moitas ocasións a defender a crenza, dogma de fe, da importancia que o territorio, a cultura e a lingua xogan para que nos unamos, nos identifiquemos e non nos perdamos neste caos de mundo cada vez máis homoxéneo.

En definitiva, desde o máis fondo do meu ser, déixovos como

legado a terra coa que agora me reencontro, a identidade galega da que me imbuín en vida e todas aquelas verbas coas que algún día vos falei.

*Manuel Abalo Martínez
Empregado municipal
Vilagarcía de Arousa*

Deixo á miña filla Aloia e aos meus fillos Pedro e Antón a parte dos eidos da memoria comunal que recibín en herdo, para que a cultiven con dedicación inextinguíbel e nunca esmoreza nin min-güe nin se estrague a colleita. É a certeza dos nosos sinais de identidade: a historia, a lingua e a cultura de Galiza, o noso xeito universal de vivir no mundo. Teimade sempre na labranza e na conservación do relato que eu herdei dos meus maiores: unha vida de familia esnaquizada e reconstruída con luminoso vigor logo do estoupido do burato negro do fascismo. Traballade cara ao futuro coas ferramentas da verdade que alicerza a memoria histórica e que serven tamén

para cultivar os agros da igualdade, a liberdade e a fraternidade. Agarimade a raíz do pensamento ceibe contra o discurso esmagador das máquinas do imperio, desde a vosa singularidade de persoas únicas e co idioma de noso, coa fala e a razón interior dos séculos, desde a voz das cantigas de amigo até as vosas propias confidencias de amor, desde a raigaña da lingua que vos explica e que sostén unha árbore do tamaño do universo, onde agroman e cantan todas as culturas. Déixovos tamén os aparellos do humor: que a flor da risa manteña sempre viva a temperatura feliz da vosa casa.

Xosé María Álvarez Cáccamo
Escritor

En Lérez, a vinte de setembro de 2009, eu, Xosé Álvarez Castro, mando á miña dona María Xosefa e aos meus fillos Xosé Afonso e Isaac que, no momento da miña morte, a lingua que se empregue en todos os actos con eles relacionados sexa a galega, a lingua que me acompañou ao longo da vida, na que me falaron meus pais e avós, a que serviu para expresar as miñas emocións, a que empreguei para comunicarme cos demais e para ensinar aos meus alumnos e alumnas; a lingua dos meus antepasados e a vosa.

Tamén vos mando que continuedes o fío da historia transmitíndolle aos vosos descendentes o

coñecemento e o amor a Galicia e ao galego.

Falade o galego, amade a Galicia pero, sobre todo, non esqueza- des o que dicía un inesquecible amigo de todos nós, Fernando Pérez, “Os estados caducan, as nacións poden desaparecer, pero os pobos con conciencia de seu permanecen”.

Xosé Álvarez Castro

Profesor do Instituto en Sanxenxo



En galego, agora e sempre

Enganeime. Non tiña razón ao parafrasear aquel vello gaiteiro que lle dicía a outro ao rematar a festa: "Se non nos vemos, que sexa por falta túa". Canto sentimento respira nesa sentenza que agora retumbará na vosa cachimonia até que descansedes. Enganeime. Non tiña razón en moitas outras cousas que só vós sabedes, meus amantes galego-falantes. Mais levaba razón na vida que levei de defensa da lingua, vehículo transmisor da nosa cultura. Á lingua cheguei desde a música, que me levou á cultura, que me devolveu á lingua para poder transmitila. Do mesmo xeito que non podemos separar a gaita das súas músicas, o noso

patrimonio vai vencellado á nosa lingua. Esa foi unha das razóns da miña existencia. Agora que marchei quixera que tamén lembredes aqueloutra historia dun gaiteiro que lle vendeu o instrumento a outro gaiteiro, quen suspiraba por non sacar aquel son que lle escoitara ao primeiro, que dicía: “vendinlle a gaita pero non lle vendín os dedos”. Marchei e vós non vos venderedes. Aí queda a nosa lingua que vós tocaredes.

*Iván Area Carracedo
Vicerreitor de Relacións Institucionais
Universidade de Vigo*

Estimados e moi amados Pedro e Raquel, espero ter cumprido con vos a miña obriga como pai e como persoa, contribuír a vosa formación como cidadáns do mundo que nos tocou vivir, se así fora non teño ningunha dúbida que valoraredes todo o que é realmente importante nas nosas vidas, sentirédesvos orgullosos das nosas orixes, da nosa cultura e da nosa lingua, así como desa fermosa mestura de herdanzas lucenses e pontevedresas que vós tan ben reflectides.

Eu son un elo máis, recollín o testiño dos meus queridos pais, estes a súa vez dos meus avós, eu só desexo non vos ter fallado igual que eles non o fixeron comigo, pediríavos que continua-

rades a transmitir aos vosos fillos e aos fillos dos vosos fillos, ese legado e valores tan fermosos que temos como país evitando así que se dilúan co paso irremediable do tempo. Se así fora terei cumpridas as obrigas encomendadas.

Queridos fillos, nesta manda testamentaria tamén gustaríame dedicar un derradeiro recordo ás persoas importantes nas nosas vidas, as súas perdas irreparables afastáronas de nós; os avós e a nosa sempre querida Iris.

*Pedro Arias Sánchez
Director da Escola Técnica Superior de
Enxeñeiros de Minas
Universidade de Vigo*

Eu nacín en galego. Non foi por vontade propia. Non se pode escoller. E vivín en galego. Eso si que o escollín. Esa si que foi sempre unha aposta persoal, porque con Galicia e coa nosa fala identifícame e comprométome. Galicia dálle sentido a moitas cousas e permíteme entender unha realidade que nos é propia.

Aos meus fillos José Manuel e Luís quero deixarlles como herdanza ese amor á terra, ese amor ao noso que vai máis aló do material. Quero que gocen dos nosos verdes, dos nosos montes, das nosas augas -ríos, regatos, e ate da chuvia-, quero que respiren a

brétema e que se abracen ao sol quente do verán. Quero que se sintan galegos, porque o son.

José Luís Baltar Pumar
Presidente da Deputación de Ourense

Cando chegue a hora da despedida quixera irme sabendo que o meu legado inmaterial quedará en vos, nos meus fillos e nas persoas ás que quixen e lle fun transmitindo o meu amor polo noso país, pola lingua propia, pola natureza que envolve o noso vivir como galegos e por esta Compostela á que tanto amo.

Recordo moitos momentos desde a nenez nunha Compostela chea de engado, de xogos e aventuras que fixeron que esa patria de todas as persoas que é a nosa infancia perviva sempre nos recordos que vos fun trasmitindo. Compostela foi fundamental na miña vida, Compostela e Ponte-

Caldelas, onde sei que se asentán tamén os vosos recordos.

Quixera lembrar cun sentimento especial a meu pai, a quen non coñecéstedes porque foise moi cedo, pero deixándome un legado de valores que me serviron para ser a persoa que son e que sempre intentei inculcar en vós.

A miña herdanza quero que sexa tamén un legado emocional vencellado aos sentimentos, aos recordos, porque pódese amar mesmo aquilo que non se vive, pero nunca o que non se sinte.

Estou certo que terei en vós uns dignos herdeiros, sei que Santia-

go está no fondo de todo o voso ser, que Galicia e todo o galego foivos transmitido coa sensibilidade que debe ser transmitido todo o que amamos profundamente.

Cando a fondura da derradeira noite peche os meus ollos, partirei tranquilo, porque as persoas que quero serán quen de continuaren sentindo e amando todo aquilo que lles intentei transmitir coa máxima sensibilidade que me foi posible.

José Angel Baqueiro Canabal

Concelleiro

Concello de Santiago de Compostela

*Q*uodest modesto patrimonio que vos legamos quixéramos engadir algunhas consideracións de valor para o voso proxecto vital. Non dubidamos que na xerarquía das vosas convicións consideredes, polo amor que nos tendes, as reflexións que vos facemos a título de manda moral.

Dos nosos avós aprendimos a cumprir os compromisos, a afrontar con decisión as dificultades, a confiar na educación como medio seguro de promoción social e a ser leais. Das nosas avoas aprendimos o exemplo de facer o que se debe sen agardar recompensa ningunha. A afrontar o imperativo do deber sen outra

satisfacción que a que produce o facer un o que de un se agarda.

Dos nosos pais recibimos o desvelo pola familia. O exemplo da súa teimuda loita para pornos a valer. A confianza na sorte que asenta no traballo a esperanza. O mandamento de non facer a ninguén o que a nós nos aborrece. A non avergoñármonos nunca da nosa orixe e a respectar as opinións que non compartimos.

Daquela, os tempos duros e o esforzo para sacarmos adiante, es-cureceron a preocupación polos problemas vencellados á existencia política da nosa comunidade diferenciada.

Nós recuperamos hoxe a capacidade para valorar a importancia que ten a conciencia individual de saber que formamos parte dun ámbito humano que practica os mesmos herdos morais, os mesmos hábitos de vida, que experimenta sentimentos comúns e que posúe a mesma memoria colectiva. Esta conciencia de ser nós, opera na existencia a percepción de constituir un suxeito colectivo, un pobo posuidor de dereitos, os dereitos políticos do pobo galego a gobernarse a si mesmo a través dos seus representantes e de acordo cos valores da nosa cultura.

Tal maduración constante e progresiva na conformación da

nosa identidade como galegos é o resultado do traballo e o compromiso de moitos dos mellores fillos e fillas desta Terra, que non fixeron nunca deixación do seu deber moral de reclamar por nós todos os dereitos que nos son debidos, aínda que algúns non foran plenamente conscientes do valor deste patrimonio colectivo.

Por estas razóns apelamos ao agarimo que nos tendes para que aceptedes, coa íntima vontade de dárlle cumprimento, esta manda moral:

Procurade sempre que o noso idioma sexa a prenda máis estimada polos vosos fillos. Ensi-

nádelle que non hai persoas sen identidade, e que a nosa está definida pola lingua que falamos. Cómpre que aprendan que todos os idiomas son nobres, pero se esquecen ou se renuncian á comunidade que formamos, asimilándose a outra cultura, desertan da lealdade debida ás raíces da súa orixe.

Convén que saiban que o individuo é moralmente libre para allearse da súa comunidade natural, mesmo para renunciar á súa propia familia, pero a soidade espiritual da persoa que se arreda voluntariamente da súa cultura, asume o risco de vagar errante en espazos culturais, aínda que valiosos, dolorosamente extraños ao seu mundo moral.

Transmitide os valores que nos estimamos, o respecto á palabra, o amor á familia, a lealdade aos amigos e o compromiso coa nosa Terra. Despertade a cobiza polas cousas que queremos. Instruídeos na aprendizaxe da lingua que nos une, e que dependan a sentir o orgullo de seren galegos defendendo á comunidade que formamos, porque quen atura o desprezo á súa cultura, renuncia cobardemente a afirmación da súa dignidade.

Non aceptedes nunca como un dereito a invitación á servidume do cosmopolitismo globalizante e indiferenciado e o desleixo, porque a diversidade dos agrupamentos dos seres humanos

arrequece á humanidade, e fai posible que o mundo sexa plural e diverso, na medida en que cada pobo elabora a súa propia cultura.

Esta manda resume os bens do noso patrimonio comunal. Aceptade este herdo e agrandádeo. Nós quedamos coa firme esperanza de que se cumpra no desenvolvemento dos vosos proxectos vitais. Que así sexa. Co eterno agradecemento dos vosos pais.

Miguel Barros Puente

Ex-Parlamentario



En galego, agora e sempre

*D*in os indios iroqueses que antes de adoptar unha decisión débense considerar as consecuencias dese paso sobre as sete xeracións vindeiras, tan importante coma quen toma as decisións é quen as padece e non convén botar a lingua a pacer coma se o monte fose prado.

Non sería este comportamento un mal modelo cando se trata de decidir no que afecta ao idioma. Xa postos, non só mirar sete xeracións cara adiante senón tamén, máis aínda, sete xeracións cara atrás, ou unha, á lingua dos nosos pais e nais; ou vintecinco, á lingua sá e forte que florecía social, política e culturalmente.

Ollar adiante e atrás, non hai peor erro que crese o centro do mundo, o que realmente existe, o único que importa.

Xa sabedes, coma os iroqueses: Sentidiño, solidariedade e moito amor. E despois, claro, acertar.

Xurxo Borrazás
Escritor

- ● ● “Eu, Tomás Camacho, músico, profesor dos conservatorios de Ourense e Vigo e director destes dous centros durante anos, tiven a sorte de vivir intensamente nestas dúas cidades, e tamén na fermosa cidade de Tui.

Eu, que nacín nun pobo de Andalucía e vivín noutro de Valencia cando novo, e que un día descubrín este recuncho da Fisterra, e sen saber como nin por qué funme mimetizando e arraizando nesta terra, nas súas xentes e no seu-meu idioma melodioso e garimoso; agasallo milenario que recibín graciosamente polo simple feito de vivir en Galicia. Non podería deixar maior herdanza

que legalo tal e como o recibín. Pois ¿que será de min, de nós e dos que virán despois sen este agarimo musical?....”

Tomás Camacho
Profesor de música

*A*s miñas fillas Thania e Xiana e, a miña neta e filla de Thania, Nora, tamén para os e as descendentes que poidan xurdir delas, é desexo facelas herdeiras dos máis prezados bens que recibín dos meus devanceiros: costumes e tradicións, leiras de cultivo e carballeiras, viñas, toxeias e xesteiras e, de maneira especial a Lingua como prezado ben inmaterial, cultivo mantido desde o berce como esencia da nosa cultura e convivencia.

Tamén é vontade, facelas herdeiras das Fragas e da Mangallona, con todo o que aglutinan: moreas de obras de arte e coleccións, libros e historias, sempre

en galego, porque o fenómeno plástico tamén entende de fala, pois agroma da lingua nai.

Non quixera esquecer de transmitirilles asemade, e facelas herdeiras, do eterno amor profesado á fala herdada, endexamais esquecida, sempre omnipresente e exercida, aínda por riba de calquera represión, que non foi pouca e desde moi neno. Tamén da teima de galeguizar o apelido que era Gestido e logo de non poucos esforzos, hoxe, a tódolos efectos, é Xestido.

Porque Coiro é e seguirá a ser o meu e o voso berce, A Mangallosna, esa mestura de mar e monte onde se pinta a “Galiza máis

profunda”, tende a Galiza como miña e vosa Patria e ao Galego como miña e voso lingua.

Camilo Camaño Xestido

Artista



En galego, agora e sempre

*A*as de saber, nosa filla, que por amor ao noso país puxémosche Suevia, e canto temos para ti queda. Máis pouco valor teñen os bens materiais por moitos que sexan comparados coa formación e cultura que desexamos acadar. Con este desexo, e o legado que deixamos, permítenos unha pequena manda para os teus días: fala e compórtate como és, sempre galega. Aínda que outros che digan que o mellor vén de fóra con menosprezo do noso, non esquezas que en herdanza che deixamos unha terra única, unha fala única, unha cultura e tradicións únicas que os nosos antergos mantiveron século tras século e ti, coma nós, orgullosos

conservaremos no tempo, como a alma de Galicia.

Ten presente que o galego é parte do noso xeito de ser, do noso patrimonio cultural que nada ten que envexar a calquera outro por moito que nos queiran facer crer. E se nós, galegos, non somos quen de defender e conservar o que é noso, quen o vai facer? Desde o berce quixemos que pensaras e falaras en galego, como fixeron os nosos pais e os nosos avós. Sabemos e queremos que aprendas outras linguas, pero esperamos que respectes e ames a nosa como a ningunha, testemuña dunha historia propia que, a pesares das presións sufridas, resiste o paso do tempo

como a nosa paisaxe, os nosos ríos, os nosos castros, os nosos cruceiros, os nosos muíños... e os nosos mosteiros.

E lembra, que mentras ti penses, escribas, fales e vivas en galego, Galicia estará viva. Moitas grazas filla!

Loli Barbeito

Mestra

Manuel Carballo

Licenciado

*N*on levo escuma nos beizos
Non atopo trasnos na alma
Non quero verte no meu cadaleito
Pregando tres ou catro parvadas

Déixame marchar sen amolar
Durme un anaco no meu colo
Remarei escuro e de vagar
Onde tecen os teus soños

Non queras baterte en dó
¡Que non te calen a labazadas!
Namora a quen nunca te escoitou
Desculpa ó que nunca te fala.

Pablo Carballo
Xornalista

*M*ovida polo corazón, mais tamén coa cabeza, cando chegue o inevitable momento final, só quixera sentir na miña fronte o alento de voces próximas dicíndome “quérote”. E, de non poder ser, que alguén me meta na man uns papelíños de cores que gardo na gabeta da miña mesa de noite nos que di: “mamá, quérote moito”

Marcos, Rocío, meus fillos, ben sabedes que tanto o voso pai coma min coidamos que é mellor que ese instante nos atope liviáns de equipaxe; é por iso que non esperamos a hora derradeira para dárvos canto imos tendo e precisades, tanto no material coma no tempo, nas conversas...

Lembraredes que vos teño falado de que nacín co corazón exiliado, e que me criei inxenuamente feliz, xa que as feridas dos vosos avós eran silenciosas -vivían nunha mansión de medo, de ventás cegas. Mesmo puidestes comprobar como a avoa Teresa, a única que vive no intre que isto escribo-, despois de tantos días de camiñar asustada dende aquel agosto que desatara treboadas de miseria, despois dun tempo de pouca escola na que aprendeu un chisquiño a ler e a escribir unicamente en castelán; agora que o avó se foi definitivamente, faille versos; e faillos en galego! É certo que pon todo con “v” e agarda, para non lixar o poema, a

que vós lle digades onde lle ha de subir o “rabo”. Escribe, á fin, na lingua real dos seus soños, malia non ter aprendido.

Non sexades analfabetos en idiomas, mais non caiades nunca na trampa de opoñer a nosa lingua a ningunha outra. Todas son fermosas e cantas máis aprendades, mellor; pero non deixedes morrer unha soa palabra para que o universo enteiro non se doia de orfandade e desamparo, como advertía o poeta.

E a ti, Marcos, o máis vello, heiche pedir perdón por non che bisbar en galego “quérote” naqueles teus primeiros días... Malditos tempos nos que todo se me ocultou en luces de mentira!

Non deixedes de apañar palabras, nin amorodos nos valados canda os vossos fillos. Ensinádelles a amar mesmo a chuvia. Facede medrar o alento cando lles faledes e non permitades que os manquen definitivamente. Convencédeos pola transparencia das vosas vidas.

Oxalá teñades centos de razóns para vos sentir honrados por vos ter dado canto puiden, mesmo a lingua que de voso vos pertence.

Fina Casalderrey
Mestra e escritora

A todos vós, meus fillos e fillas queridas, déixovos a encomenda de seguides coa viaxe que iniciaron os nosos devanceiros hai máis de mil anos, cando fixeron nacer esta andaina de palabras e de sentires e que é a nosa fala singular. Pídivos que non sexades vós quen rache a senda que entre todos conseguimos fender na pedra da historia e que fai de nós un pobo. Rógovos que non lle poñades barreiras a este camiño de soños. Se cadra, facédeo máis grande. Andade por el. De o facer, sabede que estaredes a camiñar polos vieiros da lingua igual que camiñou o voso pai e antes ca el camiñaron outros. Paseade polo sendeiro da lingua, viaxe infinita, e facede así guieiro

e facho aceso entre a néboa para os que veñan detrás de vós.

Isto é o que vos demando. Na lingua de mar da miña terra.

Francisco Castro
Escritor e editor

*M*íña querida filla Ánxela, pouco teño que deixarche porque o máis prezado xa cho din desde antes de naceres: unha lingua de teu e unha fala de noso.

E xa que o legado foiche doado en vida, agora que marchó, encoméndoches que o sigas facendo medrar, que sigas sentindo, amando, aborrecendo e soñando nese galego noso da Mariña para que o tesouro non esmoreza canda min.

Para daquela, estea eu onde estea, filla querida, déixame seguir escoitándote como te escoito agora para que a túa nai lle siga parecendo, como lle pareceu

En galego, agora e sempre

sempre desde que naciches, que a lingua galega foi feita para os teus beizos.

Rosa Castro
Lingüista e Guionista

En galego, agora e sempre

Os seres humanos somos memoria: memoria sucedida e memoria anticipada que confluímos arestora aquí, no presente. Como Orfeo, volvemos a vista atrás porque somos animais nostálxicos e queremos asegurarnos de que o vivido, o amado, non desaparece. Mais a vida segue o seu curso e todo se acaba esluíndo, aínda que nunca completamente, porque existe a memoria, existen as raíces e somos quen de atesourar, invocar e revivir sucesos, vivencias, lugares. Porque podemos estar no tempo inscrito no devalar do mundo, pero tamén acudir ao tempo que se agocha noutros planos do real.

Somos afortunados. Temos palabras, temos un ceo ateigado de

palabras, infinitas contrasinais coas que podemos abrir o cofre dos tesouros: na memoria que foi, pero tamén á memoria que está por vir. E escollo unha, ao azar: digo careixós e volvo ao barrio que me viu medrar, contra a vía do Fefe suben as matas cos froitos prezados, e volven o brilé e a bici, os amigos da infancia, a inconsciencia da felicidade plena.

Para cando eu non estea e non poida xa degustalos, para que nunca desaparezan, aí vos quedan: déixovos os meus careixós. A froita e a palabra, e todo o que con ela me soubo tan ben.

Olalla Cociña Lozano

Xornalista e poeta.



En galego, agora e sempre

*A*tita Montse déixavos os seus bens máis prezados, a vós as tres:

A ti Nahiaira, que te criaches comigo, e te desenvolves na lingua na que os avós e eu che cantamos e arrolamos tantas veces.

A vós: Iria e Violeta, que malia terdes nacido e criadas fóra do país, cónstame que voso pai fixovos partícipes da nosa cultura e da lingua que el tamén herdou dos nosos.

A vós as tres: falade, sentide, vivide e defendede, sempre en harmonía, a nosa lingua e a nosa cultura, idiosincrasia que nos prestixia como pobo e como persoas.

Conservádeo e usádeo como nexo de unión e símbolo da nosa identidade entre vós e as vindeiras xeracións, como así o fixeron connosco “os bos e xenerosos”.

Montserrat Cores Vázquez.

Empregada municipal

Concello de Vilagarcía de Arousa

Aqueles que queden cando eu falte:

Légovos intacto o grande tesouro que chegou até min das mans da miña nai, do meu pai, e que á súa vez eles recibiron dos seus antepasados: unha lingua propia.

Seravos, como a min, de grande proveito. Empregueina para coñecer o corpo, a casa e a horta, para chamar á cadela e pedir bicos e leite. Con esa única ferramenta saín ao mundo, estudei, traballei e vivín en galego a vida. Botei man dela sempre que o necesitei. Non entanto, esta fortuna non fixo máis que medrar.

Grazas a ela tiven amigos, ledicias e o amor. Falar a miña lingua proporcionoume un maior co-

ñecemento de min mesma e da miña realidade. En galego contei e cantei: a lingua propia deume o agasallo da poesía.

Agora este capital é voso. Coidádeo, respectádeo, mais sede xenerosos. Ensinádeo con fachenda, compartídeo con quen vos arrodea e facede que este patrimonio siga enriquecéndose.

É o único que vos deixo, mais fico tranquila. O meu derradeiro desexo é ter a satisfacción de que quedades coa vosa lingua na vosa terra.

Silvia Díaz Iglesias

Concelleira de Cultura Concello de Poio

Se na miña vida vos transmitín o tesouro da nosa fala galega e o seu amor a ela, cando pase deste mundo á nova vida que me agarda, daquela quero deixarvos como herdeiros meus o encargo de seguir mantendo, defendendo e facendo progresar o galego como xa hoxe o facedes.

Eu podo dicirvos que para min foi o ben máis preciado que recibín, que máis encheu a miña vida e que me fixo sentir parte dun pobo e pertencer a un país que sempre levei con satisfacción e orgullo no meu corazón.

Este mandado meu non é ningún antollo de última hora, nin moda pasaxeira, senón que vén ser o meu legado máis importante,

pois a través da nosa lingua sentireime transcendido no futuro e permanecendo en vós con forza e plenitude.

Non deixedes que xentes ruíns nos arruinen como pobo perdendo a maior das nosas riquezas. Sen a nosa fala pouco seremos, crebaranse as nosas esenciais e os nosos sentimentos, deixaremos de ser nós. Pola contra, loitade contra elas e a favor de nós, sentindo a felicidade de que facelo encherá de plenitude os vosos corazóns, xa que amades e sentides a lentura terrea do voso ser galego.

Eu sentireime ledado desde o outro mundo, na comunión fraterna que flúe entre os de aquí

e os do alén, vendo como sodes un elo de ouro na cadea que vai unindo as xeracións ao longo dos tempos.

Que Deus volo premie!

Francisco Domínguez Martínez
Director da Fundación Penzol

*M*eu meniño, saudade, aloumiños....., e unha infinidade de verbas cheas de contido, emocións e sentimentos.

¿Cómo vou ser capaz de transmitir a miña interioridade máis profunda noutra lingua que non sexa a nosa?

Cando me cabreo, cando me emocionoo, cando estou ledoo, cando me embarga a tristura.

Nestes tempos que nos toca vivir, que non son os máis doados para a nosa lingua, enchéselles a boca de verbas sen contido; liberdade idiomática, coexistencia de linguas, liberdade de expresión, bla, bla, bla....

Xaquín, Iago, a vós, que sodes o que máis quero neste mundo, fágovos entrega deste “relevo” que a min me entregaron os vosos avós, para que así o fagades tamén cos vosos: A NOSA LINGUA.

*Xoaquín García Barros
Xefe Policía Local
Concello de Vilanova de Arousa*

É a miña derradeira vontade facer-vos a máis importante das encomendas: que, unha vez partillados os escasos bens materiais que agora vos deixo, lembredes que tamén herdades de min a condición de comuneiros nunha agra grande e farturenta, que non é privativa de ninguén e que a todos aproveita: a lingua e a cultura de noso. Esta agra vén de moito tempo atrás, chegou a nós en herdo e ha seguir vizosa polos días da vosa vida. Botade unha man para anoala cando lle cumpra e mantédevos sempre circios, se mester for, en defendela de quen, con malas mañas, queira apropiarse dela ou deixala en abandono. E facede por que

as vosas fillas, e os vosos netos
e as netas dos vosos netos vos
sucedan no mesmo firme com-
promiso que eu agora vos pido
a vós.

Xermán García Cancela
Funcionario da Xunta de Galicia

*B*enqueridos fillos:

Como vos sabedes fun nado na
“miña” aldea de Piñeiro, conce-
llo de Maside, onde miña nai,
coa ledicia do primeiro fillo, es-
pertou o meu ouvido, acariñan-
do con verbas garimosas do
noso idioma galego: “miña xoia,
meu rei, meu neno...”

Nesta lingua aprendín os nomes
dos seres animados e inanima-
dos existentes no meu pequeno
universo rural, tamén aprendín
a pensar e a falar e non coñecín
outra deica ir á escola. Desde
aquela, galego e castelán, indis-
tintamente, forman parte do
meu acervo cultural.

Máis tarde, ao longo da miña vida, comprendín a importancia de coñecer e usar calquera das dúas linguas e a facilidade para aprender outras novas.

Tamén quero que saibades a ledicia e orgullo co que falaba o galego cando, por motivos profesionais, residín fóra de Galicia.

Hoxe, cando se acerca a pasos de xigante o inverno da miña vida, desexo que o galego florezca coa primavera dos vosos fillos, para deste xeito perpetualo entre tódolos que constituimos o pobo galego, residamos en Galicia ou noutro lugar deste pequeno mundo.

Por último, pídovos que lle transmitades aos meus netos o orgullo de seren e falaren galego, sen exclusión dos demais idiomas que deben servir para entenderse e non para aillarse.

Feliciano González Álvarez
Comisario do Corpo Nacional de Policía

Cando deixei a aldea e viñen para Ourense con oito anos lémbrome que, naqueles finais dos 60, dicíanme na casa: “neno, fala ben”. Eran tempos nos que na cidade non se debía falar galego. Estaba mal visto. Afortunadamente, as cousas foron mudando. E mudaron para ben na meirande parte dos casos.

Esa identidade como galego é parte do meu patrimonio, forma parte da miña esencia persoal e penso que fun quen de transmitirllela aos meus. Galicia é a miña terra, onde temos un idioma identitario e unha cultura que nos diferencia. Estes feitos marcan a miña vida e o meu tra-

ballo. Son feitos, ademais, gratificantes e que me aportan valores positivos que me gustaría permanecesen no futuro. Galicia ben o merece.

*Francisco González Bouzán
Director do Centro Cultural
da Deputación de Ourense*

“ Ai, meus fillos! Eu quixera trascender logo de min. Que lembrades imborrable esta fala, este fogar da existencia que nos permite vivir e ser donos de nós. Miñas fillas, esta fala foi e será a canle, todos os días das nosas vidas, para establecer relacións entre nós e a terra. Esta fala criou amigos e irmáns, fíxonos amigos de nós mesmos e dos demais, conciliounos competentes coa verdade para logo ser capaces de mirar todo o universo.

Mentres posuamos a nosa fala, Galicia non será colonia de ningún e non aceptará os símbolos de conquista daqueles que queren borrarnos do mapa, empregando ansias globalizadoras mal entendidas e leis dun mal go-

berno como códigos penais que humillen e castiguen ao noso Pobo.

Non esquezades nunca o don marabilloso que fai de Galicia unha señora, con voz para decidir e para negarse a tanta mentira. Lembrade, para serdes fortes, que a dor que nos xeraron xa nos doe e é inevitable; pero sabendo o que sabedes, o sufrimento podemos aforralo e mirar de cara un porvir ilusionado.

Obrigádevos no amor ao noso e desde aí, espallade ese amor con honra e con fachenda de sermos, con vontade de seguir sendo, reconfortados na autoestima, agradecidos na memoria que nos chama a militar na dignidade.

Sabede que quen non ama o propio non pode así amar o alleo. Pero pode impostalo ou finxilo, ...xamais será sincero!.

Gardade na lembranza as paisaxes, os momentos, as palabras, as voces. Achegádevos humildes aos humildes e coa cabeza ergueita aos que se coidan poderosos. Non vos deixedes humillar por ninguén, pois convosco vai a Patria e toda a nosa esperanza.

Bicos de chuchamel e aloumiños duradeiros.”

Baldomero Iglesias Dobarrío “Mero”

Mestre e músico



En galego, agora e sempre

A min, que dediquei os últimos anos a intentar achegar a cultura e a lingua galega a Alemaña, e por esta razón tamén tiven que “aprender” unha cultura nova, gustaríame deixar como legado ás vindeiras xeracións de galegos e galegas o máis importante que aprendín desta experiencia: temos o deber de conservar e respectar a nosa cultura: o amor e respecto polo mar, que desde séculos foi a nosa fonte de vida; o carácter das súas xentes, reservadas pero sempre solidarias; as tradicións; e, por suposto a lingua, vehículo do que nos servimos para explicar o mundo dunha maneira tan única e especial. Son o noso selo de identidade e o que podemos aportar ao mundo.

Esta, penso, é tamén a maneira de respectar e gozar dos outros milleiros de culturas diferentes que hai no mundo.

Uxía Iglesias Tojeiro

Lectora de galego

C.A. Universidade de Kiel-Alemaña

*N*o momento do meu pasamento sinto mágoa ao pensar en non voltar a ver as prácidas e calmas chairas da miña comarca lucense, pero pola contra asulágame de satisfacción poder deixarvos, meus fillos, o ben máis prezado que me deu identidade toda a vida, a lingua que herdei dos meus antergos.

Coidádea e regádea, sen descoido, cada día para que xermolle e se espalle paseniñamente entre a xente que aínda a sinte coma unha ameaza ata ocupar o territorio íntegro de Galicia, sen enfrontamentos, con man-

sedume, como a corrente dun río que baixa polo seu cauce natural.

María Ángeles López Carballo
Secretaria Xudicial

É como última disposición encargo ás miñas fillas Natalia e Julia dar cumprimento a un último desexo a xeito de fideicomiso:

Que conserven vivo o galego, pois foron galegas as súas primeiras verbas, como foran as miñas, as de meus pais e meus avós e todos os meus antergos. E segue sendo o galego a única lingua coa que sentimos e coa que nos queremos.

E que o trasladen aos seus descendentes, de xeito que tamén escoiten verbas galegas desde que cheguen a este mundo; e sexan tamén galegas as que agromen primeiras dos seus beizos.

Os nosos devanceiros foron quen de conservar e transmitir este tesouro de letras e sons, aínda nos tempos máis escuros, sentíndoo como algo de seu: un xeito de estar, de vivir, de sentir...

Eu fixen o que puíden, e agora pídovos a vós, miñas nenas, que sexades quen de engadir outro elo nesta cadea preciosa que non nos prende, senón que nos une con todos os que máis queremos.

Antonio López Díaz

Catedrático de Dereito Financeiro e

Tributario USC

*Conselleiro Maior do Consello de Contas de
Galicia*

En pleno uso das miñas facultades, eu Xoán López Facal, nacido ao pé da Ría de Corcubión, na aldea e parroquia de Santo Adrán de Toba, declaro con total liberdade, en pleno uso da miñas facultades e coa convición que me outorgan os meus setenta anos cumpridos o seguinte:

É a miña vontade legar o meu idioma de nacemento e práctica, o galego, a todos os meus fillos e descendentes, a todos os que compartiron conmigo ascendencia ou viciñanza; a todos os amigos e amigas con que contei, a todo aquel que garde alguna memoria de min e a todos os meus compatriotas, nados en Galiza

ou afincados ao país por estadía ou decisión propia.

Lego, en consecuencia, a todos eles o idioma da miña terra que vai de Camariñas a Lira e do Pico Sacro ao Monte Louro. O idioma da casa e da labranza, das feiras e das romarías. Da terra en que nacín.

Declaro o meu desexo de transmitir a título de doazón irreversíbel a lingua que aprendín dos meus mestres: a xente do lugar e da comarca, as letras de Rosalía e de Cunqueiro, de Iglesias Alvariño, de Pessoa, de Torga e de Eça.

Conmino aos meus legatarios a falaren o idioma dos galegos,

porque o idioma nace cada vez que se fala e morre no silencio. Convócoos a defenderen a língua contra os minguados, contra os transmisores de falacias que pretenden defrontar o pan coa palabra, o realismo coa convición, a brillante modernidade co escuro arcaísmo. Vaia o meu sorriso displicente e o meu desprezo para todos os que pretenden estragar, dilapidar e malvender o patrimonio de mil anos. Execración para os etnocidas e honra aos resistentes impertérritos.

Encomendo a todos que manteñan limpo o noso idioma da contaminación e os saramagos, fértil e fecundo, en permanente

diálogo co idioma portugués que nos renova día a día e nos fai presente en todo o mundo.

Lego a miña lingua, cando teña que abandonala, á terra que lle deu nacemento, á que eu vin antes de ningunha outra, a que espero me dea acollida maternal no meu último día.

Xoán López Facal
Economista

*N*umha escola rural do Senegal, em 2005, mostraram-me umha calaveira de vaca atada a umha corda. Era “le symbole” que se punha ao aluno surpreendido falando no seu idioma. Se este descobria um companheiro utilizando umha língua distinta do francês, traspassava-lha e quem a levasse ao final do dia era castigado polo mestre. Se o símbolo desaparecia, punia-se toda a classe. Esta práctica, generalizada na África francófona, aplicou-se com sucesso em Bretanha, onde se denominava “ar vuoc’h”, que significa vaca.

Idéntico sistema, mais com um anel metálico, utilizou-se no Estado Espanhol no século XIX. Pablo de Mendíbil descreve o

seu uso em Nafarroa, onde os próprios alunos arrastavam o companheiro que levava o anel até o mestre, baixavam-lhe os pantalons e sujeitavam-no para que o educador nom errasse os golpes.

A imposiçom da língua, companheira do império segundo Nebrija, nom se detém na humilhaçom do vencido. Este nom só tem que assumir os juízos negativos sobre o seu povo e aceitar que o castigo é merecido, senom converter-se em delator e verdugo e vaziar-se de todo sentido identitário e solidário. Embargado polo sentimento de inferioridade e culpa, tentará libertar-se do estigma da sua cultura e redimir-se abraçando livre, voluntária, agradecida e

devotamente o idioma do amo e senhor. Mais o intento por se diferenciar dos seus, nos que nom se quer reconhecer, está condenado ao fracasso. O travestismo será objecto de chacota, para dominantes e dominados e, abatido pola vergonha, incapaz de deixar de ser o que é e rejeitada a integraçom como igual na identidade que anela, agravará-se a frustraçom do renegado que enfermará de endofóbia. A condiçom de piltrafa transmite-se geneticamente, como o temor às cercas eléctricas nos jatos que nascem sem as ter visto nunca. A descendência nom herdará a raiva pola lembrança do assovalhamento, senom o argumentário dumha traiçom, o sonho frustra-

do da integración e o desarraigado. Así nasce o sicariado para a defensa do idioma do império, o cínico vitimismo a respecto da lingua minorizada, a macacada governamental e a chusma que se declara bilíngüe, sendo apenas monolíngüe ou monossilábica do amém. Mais que nunca, a lingua, como dizia Ramón Cabanillas, é o noso escudo e a chave da porta da nosa liberdade. Curiosamente, isso mesmo di un provérbio africano: O povo submetido que conserva a sua fala, guarda a chave da sua liberdade.

Claudio López Garrido
Funcionario da Xunta de Galicia

Encomendo ao meu fillo Anxo a conservación da nosa lingua galega e a súa transmisión, chegado o momento, co mesmo cariño co que lle foi dada, tamén lle deixo ao seu cuidado a mellora dos nosos libros, moitos deles asinados polos seus autores, amigos e admirados escritores: Manuel María, Marcos Valcárcel, Pura Vázquez, Carlos Casares, Bieito Iglesias, Francisco Fernández Naval... que lle han de facilitar o seu labor.

Benito Losada
Director Casa da Xuventude de Ourense

*P*orque toda persoa que neste mundo vive está a expensas da morte e o que se escribe permanece por sempre, quero deixar en legado, non só os bens materiais, que son case insignificantes, senón tamén a maior das miñas riquezas: a lingua.

Con ela escoitei os meus máis profundos pensamentos e experimentei fermosísimas emocións. Coñecín xente, viaxei, discutín, amei... e todo o fixen en galego. A lingua é o vínculo invisible que nos fai grandes e evitará o noso esquecemento.

Por iso hoxe, meu fillo, posto que aínda conto con todas as miñas facultades, quero encargarche encarecidamente que coides este

meu presente como se de min mesmo se tratase. Tómao como sinal da túa orixe, como mostra da túa identidade e bo facer, pero faina tamén compañeira de futuro. E logo, cando ti sintas que as forzas esvaecen, ou simplemente consideres que é o momento adecuado, transmítelle aos teus descendentes o mesmo que hoxe eu che transmito. E así ata a fin dos días.

*Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario Xeral de Política Lingüística
da Xunta de Galicia*

Porque os homes pasan pero os feitos prevalecen, eu reivindicoo e prego aos meus herdeiros que a miña lingua me sobreviva. Píddolles que a conserven con cariño porque nela perduran os recordos dos meus antergos, o ruído doce e sempre presente das nosas vivenzas máis íntimas e entrañables, o espírito da vida mesma, e, en definitiva, o xerme vivo da nosa identidade.

Ter unha lingua propia é un privilexio capital, unha herdanza vital, máxica e intanxible, que confío e agardo todas as xeracións vindeiras saiban apreciar e respectar como nós fixemos, e aínda mellor, e a promovan

educando ós seus fillos no amor
ó noso. Porque a nosa lingua so-
mos nós.

Rafael Louzán Abal
Presidente da Deputación Provincial
de Pontevedra

Eu, Xosé Luna Sanmartín, nado
no barrio de Bedelle da petrucial
vila da Estrada, o 5 de setembro
de 1965, déixolle en herdanza ao
meu fillo Nicolás -á parte de to-
dos os meus bens materiais-, o
meu maior patrimonio, o amor á
lingua e á cultura da nosa Terra.

Asemade, ao meu benquerido
pobo da Estrada, déixolle en
herdanza a Festa da Poesía, co
obxecto de que no amencer dos
días que han vir, gocemos por
sempre e para sempre, de luz,
paz, xustiza e liberdade.

Que así sexa.

Xosé Luna
Mestre, escritor e editor

*L*ogo do establecido nas anteriores disposicións testamentarias polas que vos transmito o que teño, quero facervos o encargo de que conserveis tamén o que fun.

Quixo o destino que nacesse e vivise Galicia onde tiveren o privilexio de ser depositario do fermoso tesouro da nosa fala e da nosa cultura que sempre procurei coidar e mimar para que vos puidesen chegar vivos e fecundos.

Este patrimonio inmaterial non é efémero, forma parte do ser e levareino comigo cando me vaia, e quixera que vós, fillos, tamén o coidedes.

A fala é un patrimonio vivo, aboarla, regala a cotío co seu uso.

Falala e escribirla sempre que teñas oportunidade, coidala con esmero, acrecentala e preservar sempre esta enorme riqueza para poder transmitirla ós vosos herdeiros, desta forma non só saberán o que teñen, senón tamén o que son e de onde veñen.

*Daniel Macenlle Díaz
Intendente Xefe da Policía Local
Concello de Pontevedra.*

O habitual é deixarlle o que temos aos que veñen despois de nós, e para unha persoa coma min, sen descendentes, falar de herdanza é pensar no país e pobo no que teño vivido.

O país e o pobo no que nacín e me criei, moito cambiou, e non todo para ben, mais aínda hai moitas cousas que merecen admiración.

Eu salientaría as súas paisaxes tan diversas e fermosas e o seu patrimonio cultural coa nosa lingua.

Lingua pola que confeso non fixemos todo o que deberamos, e agardo as novas xeracións lle dean un novo pulo.

Cara ao futuro, ollar para o pasado, mais non moito e non repetir erros... para que sexades quen de pode vivir con dignidade na nosa terra.

Se puidera, deixariavos a forza e o pulo que se necesita para vivir, e a ilusión por mellorar esta nosa terra, este noso país.

*Pedro Membiela Iglesia
Vicerreitor de Formación e Innovación
Educativa da Universidade de Vigo*

*M*eus queridos fillos: escribo esta manda do meu puño e letra polo persoal encargo que vos fago.

Deixo a vosa vontade e bo xuízo todo o relativo ós meus escasos bens patrimoniais. Pero tamén vos deixo un tesouro de valor incalculable: unha identidade propia, a galega, e en especial a lingua galega. Fágovos depositarios dunha enorme responsabilidade, tendes que ser homes, amantes e promiscuos coa cultura e lingua galegas ó longo da vida. Ó final dos vosos días non vos podeades esquencer de facer o voso encargo a outros, que a súa vez farán o seu, e así por toda a eternidade.

*María Monteagudo Romero
Avogada*

A vida é un fluír de experiencias, acontecementos, accións, e mesmamente omisións. Este tránsito desenvolvémolo nunha contorna física, económica, social e cultural. Estes catro aspectos, son os que configuran a nosa identidade como pobo, formando un crisol no que ten lugar o noso propio desenvolvemento persoal, polo que é a nosa obriga a procura do seu coidado.

Neste paso, neste fluír, cada un de nós debe facer todo o posible por mellorar e arriquecer ese pouso común que nos define e configura dun xeito irreversible e, a pesar do que ás veces poida parecernos, para ben.

É manda para min e será a manda dos meus fillos a de facer que o río, a vida, no seu continuo fluír, manteña e mellore os nosos sinais de identidade e faga de nós mellores cidadáns, contribuíndo ao crecemento e arriquecemento dese crisol de vontades, esperanzas, ideais e actuacións que constitúe o noso legado, a pegada que deixamos aos que virán tras de nós.

A cultura e a lingua din moito de nós, e o coidado que lle deamos será a pegada que dentro de varias xeracións quedará de nós, e será pola que sexamos lembrados ou esquecidos. Agora é o meu momento, logo virá o voso, nós

decidimos cal será o noso futuro e se queremos ser lembrados ou esquecidos.

Ramón J. Núñez Gamallo

*Doutor en CC. Económicas e Empresariais
Conseleiro do Consello de Contas de Galicia*

“... Nosa lingua non morrerá nunca,
indaque se propoñan matala,
porque o espírito dun pobo non morre
a golpes de maza...

...Para que morra o galego é preciso,
para que morra o galego fai falla
que do mundo barreran a fruxe
da xente que o palra...”

Iste é un anaco da herdanza escrita
do meu pai Albino, coa forza para
espallalo da miña nai María.

No momento de tecer o fio que nos
une co inicio da vida, engado un
eslabón máis que nos entrelaza a
tódolos bos e xenerosos.

Os que están alá e os de acá.

No final das cordas deste entrelazado
milenario estamos nós, tecendo os

fios da lóxica da razón, da ética da solidariedade, da forza da liberdade.

Carlos Núñez
Publicista

“... no que atinxe ao diñeiro; e que meus herdeiros lle atopen bo e axeitado uso ao adival e ao trelo, e ao resto de aparellos, que uniron no meu sangue chaira e montaña. Que miña única irmá colla os meus libros e que as sementes das súas páxinas se convertan en froitos nas súas verbas. Que a miña Andrea fique co noso lar e tamén co noso gando, para que o manteña con amor e ilusión, e teña del bos anos e cabuxos. Déixolle ao meu curmán o toutizo que el me legara, sen saber eu que tal ben tiña.

De resto, déixolles a todos eles a miña lingua, a que me deron,

remoín e compartín, para que a través dela reciban e dean todo o bo que eu non puiden, co mandado de que a sementen na fala do meu afillado, para que medre vigoroso en terras mesturados.”

Quico Ónega López
Director do BANTEGAL
Banco de Terras de Galicia

M

eus queridos pequenos:

Escribovos esta manda testamentaria para informarvos do legado que vos deixo. Á “mourá-dega” deixo o carballo da chousa; cerna rexa convertida co paso dos anos en xigante aguerrido, castelo infranqueable, cabana de madeira e abeiro do primeiro bico adolescente. Ao cativo deixo a miña colección de reloxos de peto, eses cos que soñaba de neno, eses que mediron o tempo dos meus ancestros e o que a min se me escapou.

Pero sobre todo deíxovos os meus tesouros inmateriais: palabras como “agasallo”, “corre-doira”, “graciñas”, “vagalume”,

“dignidade”, “outeiro”... que resume tres cousas fundamentais, unha educación, unha lingua e un apelido.

Con respecto a esto último, é moita a xente me leva preguntado pola mudanza. Realmente, non cambiei nada porque seguíndo sendo fillo de José Otero Díaz, neto de José Otero Silva... e dos Otero que me precederon, simplemente recuperei a forma orixinaria, é dicir, o apelido que levaron os meus antepasados ata a morte de Antonio de Outeiro, o día de Nadal de 1687. Foi xa seu fillo Pedro e os seus descendentes os que tiveron que adaptar o apelido ao castelán (tan só perduraría o nome da casa orixinaria

de Serín, a “Casa de Outeiro”), no longo proceso colonizador da nosa querida Galiza.

Mario Outeiro Iglesias
Presidente do Grupo de Desenvolvemento
Rural “Terras de Lugo”
Profesor de ensino secundario.

*D*ende que naceu o meu netiño, vai agora para vinte meses, unha das miñas maiores ledicias é cando, na nosa fermosa e doce lingua, lle vou amosando os nomes de todo canto el vai descubrindo nos libros e na vida. Verbas cálidas, garimosas, doces ... bolboreta, paspallás, árbore, aloumiño, axóuxere, pomba, alborexar, solpor e tantas máis que aos poucos lle vou ensinando. Daquela, el as repite coa súa fala de neno pequeno e que mesmo soan con enorme tenrura.

Son verbas que me achegan lembranzas da miña naiciña e ao escoitalas dos beizos do neno, acado o recendo do fogar da miña nenez. Iso é unha das cousas máis importantes que lle quero

deixar en herdanza o meu neto, igual que eu as herdei da miña nai, xunto cos libros que teño cheos de historias e poemas en lingua galega. Quérolle deixar todo isto e máis a vontade de que desexe ser unha boa persoa, xusta, solidaria, coa esperanza nun Deus xeneroso e que sempre sinta un grande amor a Galicia e a súa lingua. Entón cando o derradeiro solpor chegue a miña vida ficarei satisfeita por deixarlle o máis bo.

E así el tamén poderá transmitir-lle esta herdanza aos seus fillos.

Emma Palacios Rodríguez

Funcionaria

Comisaría do Corpo Nacional de Policía

Herdei dos meus pais e dos meus avós o galego como primeira lingua, unha herdanza da que me sinto orgulloso e que sempre levei comigo en Galicia e tamén fóra dela cando, por razóns de estudos ou de traballo, tiven que deixar esta terra. Na miña firmeza no uso do galego alí onde me atopase e puidese facelo, contei sempre co apoio da miña dona que puxo o mesmo empeño ca min en que fose a lingua do noso fogar.

Temos os galegos o privilexio de contar cun idioma propio, piar fundamental da nosa cultura e da nosa identidade e, en consecuencia, expreso a miña vontade

de legárllelo aos meus fillos e aos meus netos como vencello coas nosas raíces, precioso legado inmaterial e vivo, para que o amen, o usen, o acrecenten e o defendan con entusiasmo, e logo, como se dun fideicomiso se tratase, o transmitan ás xeracións futuras, na seguridade de que o seu uso cotiá será a garantía da súa pervivencia e inmortalidade como lingua de Galicia e de todos os galegos.

Xesús Palmou Lorenzo

Conselleiro do Consello de Contas de Galicia

Na miña familia, historicamente, somos fillos da humildade, obrigados a gañarmos a vida de xeración en xeración. O noso maior patrimonio foi sempre o amor ós nosos, á contorna, á terra que nos veu nacer e á lingua na que nos criamos e coa que nos comunicamos desde tempo inmemorial.

Nunca fun dado a dicirlle a ninguén, tampouco aos meus, o que han de facer cando eu non esté. Quero respectar a máxima de que cada un se comporte de acordo coas súas convicións máis íntimas, aínda que é certo que soño con ter sido capaz de inculcar con proveito ao meu

fillo o que eu recibín dos que me antecederon: integridade moral, solidariedade e respecto ao país e a súa cultura, defendéndoa e espallándoa a través da lingua propia, poñendo un grao de area para que as xeracións vindeiras poidan manteren vivo o orgullo de nacer e vivir onde o mundo se chama Galicia, que tantos homes e mulleres fixeron grande ao longo dos tempos. Que teñan a oportunidade de viviren en galego, con dignidade, se así o desexan.

*Lalo Pavón
Xornalista*

O meu legado para os que, dun modo ou outro, teñan algo que herdar de min, está dividido en tres partes diferenciadas e á vez relacionadas entre si.

Nun primeiro lugar quero deixar o que considero un dos piares da humanidade, o respecto e admiración por calquera forma de pensamento distinta á propia. A partir deste axioma principal derívanse o respecto por calquera cultura, por moi primitiva que a priori nos pareza, calquera lingua, calquera nacionalidade, calquera ideoloxía, calquera crenza.... Só partindo desta comprensión do diferente pódense acadar os valores de tolerancia,

empatía, respecto, xenerosidade, comprensión, altruismo... tan necesarios para a harmonía e a paz de todas as xentes, o que non entra en contradición con defender a cultura propia, non avergoñarse e tentar demostrar que é tan válido como calquera outra.

En segundo lugar están as ganas de aprender algo a cotío e a admiración polo quefacer científico, en particular, e por todas as áreas do coñecemento, en xeral. Hai unha relación directamente proporcional entre o coñecemento e o respecto polos demais, xa que canto máis se avanza no estudo doutras culturas, doutras épocas, doutras doutrinas, mellor se comprenden e polo tanto

máis tolerantes e respectuosos nos volvemos con elas.

Con relación ao coñecemento científico quero que vos quededes con plantarllela cara aos problemas con afouteza, sen dárdesvos nunca por vencidos, analizar, debullar, buscar relación e analoxías, sintetizar e sobre todo disfrutar do proceso tanto como da propia resolución.

En último lugar quixera que nas vosas cabezas resoen os nomes de grandes matemáticos, descoñecidos para a maior parte das persoas, e que teñen dereito a ser recordados ao igual que os grandes pensadores, grandes políticos, grandes conquistadores ou grandes literatos.

En galego, agora e sempre

Por un lado as máis esquecidas durante séculos: Hipatia, Teano, Émilie de Châtelet, Sophie Germain, Ada Lovelace (filla de Lord Byron), Sofía Kovalevskaya, Mary Sommerville, Emmy Noether.... e ao seu carón Pitágoras, Euclides, Euler, Gauss, Galois, Cantor, Gödel, así como os coñecidos por outras áreas do saber Descartes, Newton e Leibniz....

Regina Puente Fernández

Profesora de Matemáticas no IES Manuel

García Barros da Estrada



En galego, agora e sempre

*A*os dous meus benqueridos fillos:

Sodes coñecedores dunha primeira manda que tedes encadrada en dúas pequenas xanelas. Na primeira delas di: *Para o meu Cibrán quero leite con pan e para o meu Manuel quero pan con mel.* Na segunda xanela desta manda invocaba, nun acto máxico, un desexo tal como me aprendera a min facer miña tía María coa que realicei mil viaxes fantásticas á luz do candil na lareira de Vilanova: *Xoaniña, vai e vén; ti seras-lo meu troquel para garda-lo meu Cibrán e garda-lo meu Manuel.*

Complementando esta escribo unha segunda manda que como herdeiros quero que cumprades.

Reitero que o meu desexo é que

sexades un exemplar e mutuo troquel entre os dous e que o leite con pan ou pan con mel o saibades compartir entre vós.

Ben sabedes que tanto eu como vosa nai investimos media vida en estudar, defender e dignificar o patrimonio inmaterial que os nosos antepasados nos deixaron e que nós temos a obriga de transmitir como símbolo e vínculo que nos une con eles e coa nosa terra e coa nosa xente.

Solicítovos, xa que logo que, sempre que sexa posible e vivades neste país, sexa a lingua de noso unha identidade e un compromiso permanente.

E cando estea no berce da lúa sabede que lle choscarei mil veces os meus dous ollos á estrela da fartura e a cada un de vós por serdes fieis cumpridores desta miña manda.

Manuel Rico Vérea
Profesor e Musicólogo

*T*ivera gustado de deixarvos algo máis que bos desexos. Tiverame satisfeito saber que a herdanza da miña xeración fose un enorme cargamento de respecto. Tivérame encantado sentir fachenda do noso respecto polo que nos rodea, nos precedeu e nos transcenderá. As árbores, os seres vivos, as paisaxes, os ceos, o mar. Sorriría dende a outra beira do non ser se vise como os habitantes do meu país cumpren as derradeiras mandas. Pouco é o que deixamos: os restos dunha terra que puido ter sido o que non foi. Por iso, encomendo aos meus descendentes que os coiden coma nós, artistas, intelectuais, políticos, empresarios,

traballadores, non fomos quen de facelo. Unha fala, unha luz, un océano, unha terra que nos acolle e un aluvión de respecto pola vida.

Rodrigo Román Blanco

Músico

De cativo, cando acontecía a morte dalgún coñecido, eu preguntáballe a miña avoa Rita: “Avoa, é verdade que eu non vou morrer nunca?”. Ela, cun sorriso, respostábame: “Non meu meniño, ti nos vas morrer, ti vas quedar aquí pra sempre...”. Miña avoa nunca me enganou e por iso sei que non vou morrer xa que teño que quedar aquí para semente.

Pero no caso de que a miña avoa Rita non estivera no certo, voulle pedir as miñas fillas o seguinte:

Coidade do noso. E non me estou a referir á casa de Bastavales nin a ningunha outra cousa material. Falo dos nosos costumes, daquelo que nos identifica como galegos e, por suposto, da nosa

lingua. E cando digo da nosa/ miña lingua, non me estou a referir ao inglés, pois xa sabedes que aos vilagarciáns chámannos “ingleses”, senón que estou a falar do galego, que é o noso idioma, o que nos fai distintos aos outros, que non mellores, pero tampouco peores.

E para que vexades o importante que é o noso idioma, vou contarvos unha historia do meu avó Xosé, o de Lougares, o pai do meu pai:

O avó Xosé tiña unha cadela de raza “palleiro” que se chamaba Maruxa. Recordo ao avó sentado na cociña coa cadela deitada ao seu carón dicíndolle: “Maruxa, non sei se alguén deixaría aberta a cancela do galiñeiro, pois

vexo as galiñas andar polo eido”; de contado, coma un foguete, Maruxa saía e levaba as galiñas para o galiñeiro e logo tornaba a cancela coa boca e unhas veces cos fuciños e outras coas mans de adiante, erguéndose, corria o peche de madeira e pechaba o galiñeiro. Podedes pensar que estou a contarvos un conto, pero é unha verdade. O avó Paco, meu pai é testemuña do que digo.

Polo tanto mirade se é importante a nosa lingua que ata Maruxa entendíase co avó Xosé en galego. O que non sei é en que idioma lle falaba Maruxa ás galiñas.....

Xosé Manuel Salgado Rodríguez
Comisario Provincial do C.N.P.
en Pontevedra

Eu, Javier Seoane Vázquez, nado no alto do Val do Regueiro, parroquia de Doniños, no uso das miñas plenas facultades de coñecemento e, a través desta manda testamentaria, deixo dito aos meus fillos e aos seus herdeiros que cando eu morra, mesturen a miña cinsa coa espuma branca que aloumiña os cantís do Pieiro con toda a forza que lle trae o mar de fóra, e morrer con el, con ese mar que gabea polas furnas e fai tremer aos vivos co tronar xordo baixo os pés. Océano que morre e nace nos lastróns da miña terra galega e que a enxuga co orballo salgado que sobe dos areais na procura das leiras ribeiriñas.

Tamén digo, que nas alboradas neboentas, o peto das gotas de humidade nas follas das silvas, se intercale co canto afastado do cuco anunciando os maios. E que nos refugallos dos luscofuscus as curuxas xoguen ao pilla-pilla cos morcegos, alimentando a cultura dos contos nos escanos das lareiras dos meus paisanos, coa fala dos meus avós, coa fala dos meus pais, coa miña fala.

E, derradeiramente, tamén mando que a miña fala non morra comigo, que remaneza nos tempos dos meus herdeiros, que han ir a Teixido e dende alí a Herbeira, onde os grixos morren no ar antes de bater nos cascallos que se albiscan dende o fogar de

Breogán. Alí, onde os ventos se xuntan para se repartir e levar no seu berce a fala namoradeira dos galegos, que fala de terra, que fala de mar, que fala de fragas, que fala de pan e de lume sardiñeiro...e que falen de min.

Javier Seoane Vázquez
Garda Civil e Xornalista



En galego, agora e sempre

Coidaban moitas comunidades indias de Norteamérica que nós, homes e mulleres, formamos parte da terra e que ela é unha parte de nós (...) o cheirume das flores, o cervo, o cabalo, as grandes águas son nosos irmáns e as alturas rochosas, as suaves pradeiras, o corpo fervente do poldro e o propio home pertencen á mesma familia (...) O que lle acontece á Terra, acontecéelle tamén aos seus fillos e cando os homes lle cúspen á Terra cúspense a si mesmos... O home non creou o tecido da vida, só un fiancho, e o que lle fagades a ese tecido, fácedevolo a vós mesmos (...). Falaba así Seattle, o gran xefe dos Duwamish na manda-resposta

enviada en 1855 ao presidente Pierce, despois da proposta do goberno estadounidense de mercarlles o seu territorio aos indios do noroeste e recluílos logo nunha reserva. A mensaxe do xefe Seattle fala da comunión entre os homes e a terra e do intercambio en prestacións, usos e valores que unha comunidade establece entre ela e o territorio que a acolle ofrecéndolle recursos e protección. Unha lección histórica dun “salvaxe” sobre o legado que recibimos dos nosos devanceiros e a obriga que asumimos de transmitírllelo aos nosos descendentes.

Eu lembro os cantís de Bares, as ribeiras do Sor e os prados do

litoral de vella diocese de Bretaña; recordo tamén os rueiros da Pontevedra antiga, as casas dos mariñeiros da vella Moureira, os herdos de millo da contorna das rías de Pontevedra e Vigo e os viñedos das Rías Baixas e o Salnés. Ámbalas dúas terras dos meus pais e patrimonio colectivo interpretado e recreado polas falas comarcais da nosa lingua, creada e transmitida para dotar de sentido ás palabras e ás cousas das terras nas que se creou o tecido da vida.

Mando, xa que logo, que os cativos enseres terreaís acumulados sexan disfrutados pola miña muller e compañeira mentres viva, incluídos os bens materiais que

sosteñen o significado da existencia e que proporcionan valores, crenzas e esperanzas.

Mando igualmente que o meu fillo, herdeiro lexítimo e universal dos seus pais, reciba todos os bens que eles administraron conxuntamente e que faga seus aqueles máis amados e sentidos.

Outrosí, mando que adopte os coñecementos recibidos sobre a súa Terra, as riquezas da súa paisaxe, os tesouros ocultos da súa cultura e os segredos máis fondos das súas xentes como herdanza propia e compartida. E como manda derradeira manifesto a miña vontade de que exerza o dereito á defensa da nosa lin-

gua e que loite polo seu uso en concerto e dignidade coas outras falas e linguas do mundo.

Dada esta manda en Sanín (Ribadavia), no noveno ano do milenio terceiro, a carón do pai Miño.

Xosé Carlos Sierra Rodríguez
Director do Museo Etnolóxico
Ribadavia-Ourense

Quérolle engadir un derradeiro legado ó meu testamento, a xeito de codicilo, e que teña unha especial significación nel porque é unha manda da miña fonda convición e mesmo da miña paixón.

Herdei dos meus pais, dos meus avós e da familia en xeral no Ourense da miña primeira etapa vital, un fondo agarimo polas nosas tradicións e costumes que nos chegaban dende nin se sabe cando. A miña nai, o meu pai, os meus avós, as miñas tías e os meus tíos falaban e cantaban en galego, no noso idioma: a columna vertebral do ser dos galegos. E como as tradicións e os costumes materialízanse nas

xentes, sen querelo e sen sabelo fun aprendendo a amar ás nosas xentes como pobo diferenciado que entre todos conformamos. E por amar ás nosas xentes chegou o amor pola Terra, pola Matria, polo País, pola Nación Galega.

Porque fun albiscando primeiro e descubriendo máis tarde que temos un País e unhas xentes con moitas máis capacidades do que temos e merecemos. E que o que temos e, sobre todo, o que non temos, é por causa dunha mala estrutura política e os malos gobernos que Galicia ten padecido secularmente.

E foi así como, xa adulto, valorei unha cultura e unha lingua in-

zada de elementos patrimoniais que, por exemplo, lle quixen trasladar ós meus concidadáns cando tiveren a oportunidade de rexer o Concello de Vigo. Impulsei o proceso de normalización lingüística no ámbito administrativo e na sociedade, rachando en momentos difíciles con complexos lingüísticos que lastraban a nosa identidade como pobo. Un pobo con evidente personalidade de seu. E Vigo chegou daquela a ser un facho aceso no espertar da galegitude nesta terra nosa chamada Galicia.

Pídovos que sexades consecuentes co respecto á miña memoria no relativo ó que nela hai como xa dixen: amor á Terra, ás súas

tradicións, á súa cultura e á súa lingua. Defendédea sempre, procurade falar na nosa lingua cos amigos e en calquera actividade social ou profesional na que esteades mergulladas. E non esquezades de transmitirlle tamén este amor pola nosa lingua ós vosos fillos, como eu fixen con fervor no tempo que me tocou vivir e gozar deles.

Que sexades felices nun País feliz...

Manoel Soto Ferreiro
Ex - Alcalde de Vigo

Qué vos podó deixar en herdanza? Non se pode legar o que non se conseguíu plenamente. Así que, pois, déixovos o meu sono, unha Galiza en verdade “de seu”: palabras que se pasean pola rúas en sons, poemas e cantigas, sen medo a se perder; mares, fontes e ríos nos que nos mollar, fermosos e limpos; casas que son fogares; mulleres e homes que non queren deixar a súa patria, salvo como viaxeiros; agarimo e axuda para quen o precise, e, ademais, todo aquilo que sexades capaces de soñar por vós mesmos.

Mercedes Suárez Pazos
Decana da Facultade de Ciencias da
Educación Universidade de Vigo



En galego, agora e sempre

Eu, Toia Suárez Vicente, sendo consciente de que a vida continuará despois de que a miña se extinga, proclamo, a xeito de manda testamentaria, o seguinte:

Lego ás persoas coas que tiven relación, para que o fagan extensíbel a quen consideren, o desexo de que a alegría sexa o mar onde naveguen na súa existencia.

Tentei vivir con coherencia, de acordo co que pensaba, sabendo que o camiño ten saídas, carreiros, atallos que cadaquén debe transitar por si mesmo.

A diversidade é un valor. Todas as flores son lindas e teñen dereito a ser. Non forman parte dun todo por seren iguais, senón por seren diferentes.

O mesmo acontece coas linguas, que non deben ser sometidas a competición. A humanidade non se vai entender mellor por ter idiomas que imperan e someten a outros, senón por entender que os pobos deben ter a súa fala. No noso país o galego é a herdanza dos antergos, o barro que nos une.

Que é moi importante ter unha individualidade que se debe cultivar, mais tamén que temos que facer esforzos por ser quen de traballar en común.

Que o traballo é necesario para vivir e que ninguén debe facelo a conta doutras persoas. Non hai que esquecer, xamais, que o pra-

cer axuda a ter unha existencia máis agradábel.

Que vivan sempre pensando que a terra, a lingua, a paz, a liberdade, a xustiza deben ser defendidas, traballadas, sementeas, proclamadas.

Que a busca da felicidade non esqueza que pode ser compartida.

Que a vida debe continuar.

Toia Suárez Vicente
Enóloga e adegueira

*P*ara rematar, co permiso da vosa nai, deixo dito como manda e prego, queridos Anxo e Roi, que poderedes dispor o que conveñades en relación ás poucas concas da veiga que herdades, na que construímos a casa na que medrastes, no lugar do Regueiriño, parroquia de Santo André de Lourizán, reflectida nas anteriores solemnes disposicións, que agardemos chegue sen cargas ao día do meu pasamento mais coas súas roldas de rega a partir do día de San Pedro, segundo os usos e costumes da aldea.

Desexo que conserve sempre os seus preciosos e evocadores nomes de “Porta de Xoán da Viña”

ou “Outeiro do Lago” e que permaneza indivisible ata a súa morte o carballo que a acubilla, para que compartades con quen teñades a ben, a súa sombra, a chuvía que o alimenta e a paisaxe da ría de Pontevedra que dende alí se goza.

Déixovos os libros e discos, xunto cos contos da Xirarga e as lendas e cancións de Tudriz que aprendín dos vosos avós, amais das dúas gaitas en “do” para acompañar a festa; e tamén vos pido un esforzo para manter vivo o noso maior ben común cal é o orgullo da fala que me escoitastes desde o berce, na que eu mesmo renacín, o mellor legado que

herdaredes. Quero que sexades vinculeiros da lingua milenaria propia dos bos e xenerosos que como patrimonio inmaterial galego recibides en herdanza, xunto co sentidiño e co amor á terra na que vivimos. Confío que sexades quen de usufrutuala, gozala, coidala, defendela e mesmo enriquecela e transmitila aos que vos sucedan: amade, chorade, gozade, berrade, traballade e vivide en galego, deste xeito, amais de honrar a miña memoria, seguiredes construíndo esta nación sen fronteiras.

Lembrede que só acreditando nas vosas orixes, na autoestima do idioma e mesmo do voso acento,

En galego, agora e sempre



co respecto ás outras culturas,
poderedes chegar a ser alguén
no mundo e na vida e transitar
no camiño da felicidade.

Xosé M. Tato Camino
Técnico de Administración Local



En galego, agora e sempre

*B*enqueridos fillos, Paula e Cibrán:

Teño por seguro que pasei xa o ecuador da miña vida. Pouco a pouco vai chegando o tempo de resumir e facer reconto. O resultado sae ben positivo. O tempo pasado neste territorio resulta interesante, e vós sodes unha das razóns principais para seguir gardando viva a ilusión.

Vosa nai e máis eu vimos dunha tribo do interior de Galicia. Nacimos nun tempo duro e difícil, criámonos no medio da escaseza, pero non nos faltou nunca o afecto e a protección dos nosos maiores. Eso tentamos tamén dárvos sempre, todo o noso aga-

rimo e apoio. Unha vida sen cariño resulta moito máis pobre.

Logo viñeron diversos azares que conduciron os nosos pasos cara un destino distinto ao dos nosos vellos. Chegaron tempos mellores, agardounos unha paisaxe urbana que nos levou a acadar unha vida comfortable e segura, e que nos permitiu darvos unha boa infancia e criavos nunha certa prosperidade. Só desexo que o voso futuro sexa, alomenos, semellante ao noso, e que poidades criar aos meus netos dun xeito semellante.

Máis teño que facervos xa un encargo, que para mín ten moita importancia. Non reneguedes

nunca da nosa lingua. Bolboreta, aloumiño, carraxe, axóuxere... Hai verbas que non poden desaparecer nunca. As palabras que veñen da tribo son un xeito distinto de nomear as cousas, unha maneira propia de falar co mundo. Nin mellor nin peor, pero distinta. A terra sería máis pobre se a nosa fala chegase a esmorecer. Temos a honra e a obriga de gardar e usar a lingua dos nosos avós.

Non reneguedes nunca da vosa orixe, amosade sempre o orgullo de pertencerdes á nosa tribo, tentade por todos os medios contribuir a facerdes este mundo un pouco mellor, gardade memoria de quen vos antecedeu e vos

deu a vida, e construíde o voso mundo e o voso futuro usando sempre a nosa lingua: o galego.

*Xosé Turnes Paredes.
Empresario.*

M

eus queridos fillos:

Tivéronnos enganados durante moito tempo. O libro do Xéne-se, no seu capítulo II, narra como os homes pretendían construír unha enorme torre ata chegar ao ceo e desafiar o poder de Deus. Yahveh, para impedir dito propósito, fixo que os homes empeñados nesta empresa comezasen a falar linguas diferentes, o que lles impedía entenderse entre eles. Deste xeito reinou a confusión, a Humanidade dispersouse por toda a superficie da Terra, e a Torre de Babel quedou a medio construír.

Narrado deste xeito semella que aquí comeza un tempo de

conflito para os seres humanos. Máis non é así. Pola contra, ese é o inicio mítico da cultura, do pensamento, do exercicio da intelixencia, da poesía como arma cargada de futuro, da variedade de culturas e verbas que fai de nós seres humanos portadores de alma e de vida intelixente.

Non é a variedade lingüística a causa dos conflitos entre os homes, non é a razón última da dificultade de entendemento entre os distintos pobos. Nomear o mundo e as cousas de xeito diferente fainos a todos máis ricos e cultos, pero non debe ser motivo de confrontación. Ao contrario, as diferentes linguas son a

primeira e máis importante das manifestacións culturais, e a súa perda é un atentado principal contra o patrimonio cultural da Humanidade (T. Moure).

Do mesmo xeito que se protexe a variedade biolóxica dos continentes tamén temos que favorecer a diversidade cultural. Cada día morren centos de verbas neste mundo. Cada verba que desaparece deixa máis pobre á humanidade. Temos a obriga ética de deter esta deforestación das palabras.

Os que vivimos en Galicia temos a grande fortuna de dispormos dunha lingua de noso que vén de séculos atrás e que nos permite

porlle nomes diferentes ás cousas deste mundo mentres que nos abre fiestras cara millóns de persoas que teñen unha fala como a nosa dispersos por todo o mundo.

Temos a obriga e a grande honra de usar e conservar esta riqueza. Non por avaricia, porque a lingua non nos pertence. É un tesouro de toda a Humanidade e foinos entregada para o seu uso e disfrute.

Non o esquezades nunca, meus fillos. Tende sempre unha actitude de compromiso e non deixedes morrer as verbas que nos son propias. Unha aperta.

Pablo Vaamonde García

Médico

De antes que a miña voz se esvaeza na fondura da terra e os meus ollos deixen de contemplar para sempre a regalía da nosa paisaxe que me acompañou durante unha boa parte da miña existencia, é o meu desexo transmitir aos herdeiros a manda de que -ademais dos bens materiais que lles lego- reciban como patrimonio espiritual todo o meu afecto e fidelidade a Galicia, que foi unha das metas que me marquei ao longo da miña vida, así como o compromiso con todo o que nos configura como pobo, fornecéndonos a esencia da nosa galegitude, como son a fala, o territorio, o canto e maila danza, ou o noso xeito de ser e estar

no mundo. Confío, ademais, que esta escala de valores a saibades transmitir aos vosos herdeiros. Prégovos tamén, que conserveades e valoredes os libros da miña biblioteca e a colección de catálogos de arte que tanto estimei; que coidedes e acrecentedes o meu arquivo musical e fotográfico, e que amosedes sempre respecto e compromiso coa arte e a cultura do país.

Nun futuro próximo, desde as afastadas gándaras do alén, gustaríame enxergar unha farturen-ta Galicia dona de seu, na que a nosa proxenie non teña endexa-mais que emigrar por necesida-de; na que se escoite decote por

todo o territorio o noso harmo-nioso idioma; que se sinta nas numerosas festas e romarías o son da nosa música e dos cantos tradicionais mesturada coa dos regatos cantareiros, acompañados da baril voz dos nosos bardos e escritores. Todo iso, como prelude dunha fonda mudanza no modo de sentir e de pensar das futuras xeracións de galegos.

Xaquín Vales
Labrego e cantor

*M*eus benqueridos Eduardo e Marta.

En Dacón eido dos vosos devanceiros por parte de pai e de nai, temos a nosa raíz. Ese fermoso lugar non só lles deu a vida aos vosos pais, senón tamén, e por enriba de todo, deulles a súa forma de ser, unha alma galega, coa sensibilidade para apreciar a variedade da cor verde da paisaxe, o amarelo dos toxos, o recendo que trae o aire da terra mollada despois do orballo e tantas outras cousas que só aquí podemos sentir.

Terra de boa xente, feirantes nomeados por Otero Pedrayo, Cunqueiro e outros grandes galegos que viron no seu labor em-

presarial e na iniciativa un ben para o desenvolvemento desa bisbarra.

Xente así, práctica e intelixente, que a súa fala era e segue a ser, a da terra, o galego. Así vos, meus fillos, que tedes a sorte de falar des máis de dúas linguas, levades con orgullo o feito de serdes galegos e de serdes portadores da fala garimosa na que amaban, traballaban e rezaban os vosos avós.

É o meu desexo que sempre vos sintades cinguidos á terra, a súas tradicións, a súa cultura, ás súas xentes, que cada día, de xeito distinto vexades a Ría de Vigo coas Cies ao fondo, que vos arrequer-

zades como persoas e sexades consecuentes coas ensinanzas dos vosos avós, a xenerosidade ao facerdes o ben. Que endexamais deixedes esmorecer a nosa fala para que sega presente na vosa vida e así vosos fillos poindan escoitala e aprendela mesmo desde o berce.

Eduardo Varela Novoa
Secretario Xeral da Comisaría do C.N. de
Policía. Vigo

*M*eus queridos fillos, qué ben o temos pasado xuntos!, non si?

Aproveitando a inspiración que me achega o noso Camiño de Santiago quérovos transmitir a miña manda testamentaria.

Sabedes ben que os meus pais ensináronme con verbas galegas e vivindo como galegos a importancia dos valores das persoas. E iso é o que me gustaría que non esquecédes nunca: primeiro de todo, o valor da fe; tamén o valor do esforzo e do traballo arreo, e sobre todo o valor de amar o noso e amar a nosa lingua.

Lembrede as historias das miñas andainas polas Filipinas e



pola Dominicana, e agora que o mundo está a descubrir a forza da palabra e a importancia de saber preguntar, nós temos unha lingua onde precisamente preguntar é arte.

Meus queridos fillos, e netos e bisnetos se se dese o caso: pídovos que cando vos lembredes de min, sorriades, e que pensedes que para serdes felices non hai máis camiño que facer felices aos demáis, e que un bo xeito de conseguilo é saboreando e comprometéndose coa vida. Por iso, para rematar prégovos que, aínda que de seguro a vida vos levará a espaxexervos polo mundo adiante, como me levou a min,

non deixedes de vos xuntar nun lugar do Camiño do Noso Señor Santiago e que vivades con orgullo a honra de serdes galegos.

Santiago Vázquez Blanco
Director Recursos Humanos de "R"
Telecomunicacións

*G*alicia está e somos nós. Xeograficamente é o terreo que ti queiras, pero no cerne pódela atopar sempre.

Atoparala no emigrante e no labrego, no mariñeiro e nos avós de sabios consellos, no falar cada vez máis esquecido. Vémolo nas arelas de cantos loitan por un porvir máis humano, máis cheo desa prendida lapa que sae do corazón de cantos loitan no medio desa decadente civilización.

E temos que lanzar un cantar de esperanza nestes mouros tempos de inqueda. Cantares cara un futuro próspero son os que se emiten desde esta Galicia Nai de nacións, saídas da estirpe de

Breogán: Bretaña, Irlanda, Gales, Armórica, Escocia, Illa de Man e Galicia.

Como non sentírmonos orgullosos de tan egrexia liñaxe?

Galicia brinca nesa mocidade san e forte. Sentímola rexa e forte coma os loitadores na noite da negra mancha do Prestige. Así se loitou con firme resolución contra os caducos moldes do caciquismo. Os corazóns na Galicia onde agromaron esa rabexa, ese prestixio esmagado pola choqueirada que aínda segue presidindo os destinos da nosa Nación.

Desde Galicia ímos cantar esa melodía de esperanza. Xurdin-

do do noso corazón, impulso de harmónica convivencia cara os pobos ceibes, dando as costas a esa nostálxica miseria que nos oprime.

Eu déixovos esta Galicia do porvir e a nosa lingua, como legado testamentario. A soidade na que me atopo desde setembro de 2005, faime ver cos ollos do espírito a futura herdanza que teñen de facer os “bos e xenerosos” do noso himno.

Xosé Vila Fariña

Cronista Oficial de Vilanova de Arousa

Eu, nacida en Ferrol pero con aldea en Recemel, declaro estas cláusulas testamentarias para que os meus degoiros lingüísticos sexan tidos en conta:

1. Ninguén poderá menosprezar aos meus herdeiros por usar a súa lingua; o idioma merece un respecto.
2. Non usedes nunca o galego con fins demagóxicos; sería capaz de remexerme na tumba.
3. Ningún herdeiro meu debe utilizar a lingua con afán de lucro ou con fins oportunistas, porque hai cousas que non están en venda.
4. Non vos deixedes enganar polo camiño do bilingüismo de-

rrotista que algúns nos queren impoñer cos subterfuxios máis sibilinos e contribuíde a coller unha autoestrada coherente coa nosa identidade galega.

5. Poñede coidado en non quedar marcados pola lingua que usades, sempre poderían etiquetarvos do que non sodes.

6. Non me esquezades nunca e tentade non profanar os meus soños, que sei que son utópicos, pero poden chegar a ser os vosos.

E para que así conste, asino este documento en Vigo, no comezo do outono do ano 2009.

Pilar Vilaboi Freire

Técnico Auxiliar da Biblioteca Penzol

*M*iguel Vilariño Lorenzo, natural de Santiago de Compostela, nado na rúa do Espírito Santo, fillo de Celia e Xosé, neto de Xosé e Lurdes por parte de nai e de Ramón e Dores por parte de pai, despois de recibir en herdanza de todos eles, case todo o que sei e respectei nesta vida, fago a seguinte declaración de herdanza:

1.- Deixo todo o meu patrimonio material e inmaterial aos meus fillos Sabela e Martiño, o que máis quero. A Sabela o seu nome, porque na voz da miña avoa Lurdes soaba tan melodiosa... e a Martiño tamén o seu nome, podía ser Paulo, pero púxenlle Martiño ademais de por soar coma un trino de paxaro, por resultar un nome tan galego.

2.- Déixolles o mar e a terra de Galicia para que miren por ela, tarefa difícil, pero como tamén a viviron e a gozaron comigo, seguro que poderán defendela de tantas e tantas agresións como leva sufrido.

3.- Déixolles os ríos e as montañas de Galicia para que os sigan conservando e para manter verdes os campos e os bosques.

4.- Déixolles a lingua galega para que a utilicen libre e claramente.

5.- Déixolles a miña vida para que as súas sexan máis longas e non padezan, a miña historia para que lles sirva e aprendan dos meus erros e pena e tamén dos meus acertos e alegrías.

6.- Déixolles a Compostela máxica e monumental, das pedras, da chuvia e do sol, das rúas, das prazas, dos parques, do Pedroso, do Sar e o Sarela, unha cidade para vivir e disfrutar.

7.- Déixolles o meus bos recordos de todas as persoas que quixen, amei ou foron amigos para que mos sigan coidando.

8.- Déixolles a esperanza de poder encontrarnos noutra vida sempre mellor.

Que o aproveiten!

Miguel Vilarinho Lorenzo
Funcionario do Concello
Santiago de Compostela

“En Galego, agora e sempre”

é unha proposta da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia
que pretende concienciar á cidadanía
na rehabilitación da memoria cultural e lingüística
dos que nos precederon na vida,
e asegurar a transmisión do noso patrimonio nas
vindeiras xeracións

s

